

IES Do Castro (Vigo)

RELIXIÓN

PROGRAMACIÓN

CURSO 2012-2013

*Xefe de Departamento
Almudena Ocejo Azcuénaga*

ÍNDICE

I.- Introducción y contextualización

1. Metodoloxía do Área
2. As Unidades Didácticas
3. Avaliación
4. Atención á diversidade

II.- Contribución da área de Relixión ao logro das competencias básicas

III.- Obxectivos xerais do Primeiro ciclo

IV.- Criterios de avaliación do Primeiro ciclo

V.- Selección e secuencia de contidos do Primeiro Ciclo

1. 1º ESO

- Unidade 1. Fun, son e serei
- Unidade 2. A árbore das relixións
- Unidade 3. Deus crea e salva
- Unidade 4. Xesús, o mesías anunciado
- Unidade 5. Xesús anunciou o reino de Deus
- Unidade 6. Xesús, unha vida entregada
- Unidade 7. Un proxecto de vida
- Unidade 8. O agasallo do amor
- Unidade 9. Matrimonio e familia
- Unidade 10. María é o seu nome
- Mínimos exixibles

2. 2º ESO

- Unidade 1. O mundo que non se ve
- Unidade 2. A relixión, que é e para que serve
- Unidade 3. Unha historia de salvación
- Unidade 4. Xesús, o noso salvador
- Unidade 5. Seguir a Xesús
- Unidade 6. A Igrexa continúa a obra de Xesús
- Unidade 7. Orar e celebrar
- Unidade 8. Ser un mesmo
- Unidade 9. Comprometidos co mundo
- Unidade 10. Un mundo novo
- Mínimos exixibles

VI.- Obxectivos xerais do Segundo ciclo

VII.- Criterios de avaliación do Segundo ciclo

VIII.- Selección e secuencia de contidos do Segundo Ciclo

1. 3º ESO

- Unidade 1. Non somos illas
- Unidade 2. Un só Deus
- Unidade 3. A Biblia, un libro sagrado
- Unidade 4. O Novo Testamento
- Unidade 5. Vida en comunidade
- Unidade 6. A fe, resposta dos crentes
- Unidade 7. Decidir en liberdade
- Unidade 8. O agasallo da vida
- Unidade 9. A vida dos primeiros cristiáns
- Unidade 10. Ante todo esperanza
- Mínimos exixibles

2. 4º ESO

- Unidade 1. Somos historia
- Unidade 2. O cristianismo, unha menxase universal?
- Unidade 3. Igrexa, poderosa ou servidora?
- Unidade 4. Igrexa, no mundo o fóra del?
- Unidade 5. Igrexa, pobre e cos pobres?
- Unidade 6. A Igrexa, ao encontro con Deus?
- Unidade 7. Son compatibles ciencia e relixión
- Unidade 8. A Igrexa, renóvase?
- Unidade 9. Convivir con outras tradicións religiosas?
- Unidade 10. Un cristianismo para o futuro?
- Mínimos exixibles

IX.- Criterios de cualificación

X.- Temporalización

XI.- Contribución ao proxecto lector

XII.- Fomentos das TIC

XIII- Plans de traballo para a recuperación de materias pendentes

XIV.- Obxectivos xerais de Bachillerato

XV.- Criterios de avaliación

XVI.- Selección e secuencia de contidos de Bachillerato

1. 1º BACHARELATO

- Unidade didáctica 1: O sentido da vida
- Unidade didáctica 2: O mundo no que vivimos
- Mínimos exixibles

2. 2º BACHARELATO

- Unidade didáctica 3: Identidade da persoa
- Unidade didáctica 4: Cultura e relixión
- Mínimos exixibles

XVI.- Criterios de cualificación

XVII.-Temporalización

XVIII.-Actividades de seguimento das materias pendentes

XIX.- Os ensinos transversais e a educación en valores

- Educación moral e cívica (1)
- Educación para a paz (2)
- Educación para a saúde (3)
- Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos (4)
- Educación ambiental (5)
- Educación sexual (6)
- Educación do consumidor (7)
- Educación cívica (8)

XX.- Libros de texto e materiais didácticos

XXI.- Actividades complementarias e extraescolares

I. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1. METODOLÓXIA DO ÁREA

Entendemos que aprender Relixión non consiste en explicar unha serie de verdades relixiosas ben estruturadas, se non en axudar aos alumnos a construír un pensamento fundamentado, sistemático e autocrítico acerca de as cuestións relixiosas fundamentais.

O modelo metodolóxico que se segue recolle as orientacións emanadas da concepción constructivista do aprendizaxe. Por iso, á hora de marcar as liñas metodolóxicas, tiveron-se en conta os seguintes criterios:

- protagonista do aprendizaxe é o alumno, coa súa propia actividade.
- Quen inicia un novo aprendizaxe o fai a partir dos coñecementos que xa posúe.
- Quen aprende constrúe activamente significados establecendo relacións entre o seu esquema mental e os estímulos externos. Só así se pode lograr un aprendizaxe significativo.

Estes criterios metodolóxicos están presentes en todo o planteamento e desenvolvemento dos contidos de Relixión da Educación Secundaria Obligatoria.

A materia observará e concretará os principios de carácter psicopedagóxico que constitúen a referencia esencial para unha formulación curricular coherente e integrador entre todas as disciplinas dunha etapa que debe respectar un carácter común á vez que respectuoso coas diferenzas individuais. Son os seguintes:

- A nosa actividade como profesores será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento da actividade construtiva do alumno. Terá como referente o desenvolvemento das competencias básicas da Educación Básica.
- Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumno, o que significa considerar tanto as súas capacidades como os seus coñecementos previos.
- Orientaremos a nosa acción a estimular no alumno a capacidade de aprender a aprender.
- Promoveremos a adquisición de aprendizaxes funcionais e significativas.
- Buscaremos formas de adaptación na axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado.
- Impulsaremos un estilo de avaliación que sirva como punto de referencia á nosa actuación pedagóxica, que proporcione ao alumno información sobre o seu proceso de aprendizaxe e permita a participación do alumno no mesmo a través da autoevaluación e a coevaluación.
- Fomentaremos o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía do alumno.

Os contidos da materia preséntanse organizados en conxuntos temáticos de carácter analítico e disciplinar. No entanto, estes conxuntos integráranse na aula a través de unidades didácticas que favorecerán a materialización do principio de inter e intradisciplinariedade.

2. AS UNIDADES DIDÁCTICAS

Cada unidade didáctica está estruturada en torno a estes tipos de actividades:

- Unhas actividades iniciais que pretenden detectar os coñecementos previos do alumno, situá-lo no campo de estudo, acordar o seu interese, motivá-lo . nestas actividades preferen-se, ademais, os obxectivos e os contidos que se van traballar.
- Catro actividades de estudo coas que se pretende dar resposta a todas as cuestións planteadas na actividade inicial. Estas actividades desenvolven os contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais mediante traballos persoais e grupais, e exercicios de observazón, reflexión, análise, valoración, expresión. Cada actividade conta con unha breve conclusión que resume o traballado e motiva para o estudo da actividade seguinte.
- Diversas actividades de aplicación, globalización e avaliación que pretenden que o alumno saiba aplicar os saberes adquiridos a situacións concretas e avalie os obxectivos propostos ao comezo da unidade. na última páxina de cada unidade didáctica se explicita a rede conceptual e inclúese un resumo de todo o tratado.

3. AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación non como un exercicio final que mida os coñecementos dos alumnos, se non como un proceso mediante o cual detectamos se o alumno adquiriu as capacidades expresadas nos obxectivos.

Se trata, por tanto, dunha avaliación continua, que se estende a todos os momentos da acción docente nos materiais de Relixión esta avaliación continua se concreta da seguinte maneira:

- As actividades iniciais de cada unidade didáctica ofrecen elementos suficientes para realizar o diagnóstico da situación dos alumnos (avaliación inicial).
- As actividades de estudo inclúen numerosos exercicios que pretenden mellorar a acción docente mediante a continua observazón e reflexión conxunta (avaliación formativa)
- As actividades de aplicación, globalización e avaliación potencian non só a avaliación dos contidos conceptuais, se non tamén a dos procedimentais e actitudinais. As redes conceptuais que se inclúen son un instrumento eficaz para realizar a avaliación somativa. Ésta non pechará o proceso se non que levará a decisións e accións que á súa vez seguirán sendo avaliadas en momentos posteriores.

4. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A variedade de alumnos, de centros e de ambientes culturais requiriría a elaboración duns materiais específicos para cada caso, e máis no área de Relixión. Nos materiais tivo-se en conta esta circunstancia da diversidade e se brindan múltiples posibilidades de traballo capaces de atender a colectivos de diversa índole. Non obstante, o profesor, no contexto da súa clase, seleccionará os contidos que deben ser traballados ou non. El é quen debe marcar o que pasos hai que seguir e o que metas hai que atinxir. Nas unidades didácticas inclúense contidos para aqueles alumnos que poden ampliar o desenvolvemento das súas capacidades. Tamén se ten en conta aos alumnos que teñen dificultades para realizar todo o desenvolvemento do proceso. Pensando nestes

alumnos ofrecen-se síntese moi breves e actividades sinxelas que facilitan o adecuado desenvolvemento.

En cada unidade didáctica se dan indicacións específicas par o tratamento da diversidade e suxeren-se exercicios de reforzo e ampliación.

II. CONTRIBUCIÓN DA RELIXIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

1. COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Nunha primeira visión global podemos falar do dominio da lingua oral e escrita en múltiples contextos. Nunha visión máis detallada, destacamos os seguintes trazos:

- a) Comunicarse e conversar
- b) Manexar a linguaxe coma instrumento de comprensión e representación da realidade
- c) escoitar, expoñer e dialogar
- d) Ler e escribir
- e) Comprender e saber comunicar
- f) Expresar e interpretar diferentes tipos de discurso en contextos diferentes

2. COMPETENCIA SOCIAL E CIDADAN

Globalmente podemos falar de comprender a realidade social na que se vive, convivir, afrontar os conflitos con criterios éticos, exercer a cidadanía, sempre con espírito constructivo, solidario e responsable e contribuíndo o logro da paz e da democracia.

Destacamos algúns aspectos coma:

- a) A participación e a colaboración
- b) A toma de decisións
- c) Comprensión ética da realidade histórica e social
 - a) Análise de feitos e problemas sociais
 - b) Entender o pluralismo da sociedade e as aportacións das distintas culturas
 - d) Saber armonizar o local e o global
 - e) Saber afrontar e resolver os conflitos de valores na convivencia
 - f) Ser consciente dos valores do entorno, construír a propia escala e respetar os principios e valores universais
 - g) Saber armonizar a igualdade fundamental das persoas e as diferencias
 - h) Reflexión crítica sobre os grandes conceptos da liberdade, democracia, igualdade, solidariedade, corresponsabilidade, participación, cidadanía activa, convivencia dende os dereitos e os deberes.

Nun terreo máis práctico trátase de coñecerse e valorarse, saber comunicarse e expresar as propias ideas, aprender a escoitar os demais, comprender puntos de vista diferentes, saber armonizar os intereses individuais e de grupo.

3. COMPETENCIA NO CONOCIMIENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FISICO

Trátase con esta competencia de interactuar co mundo físico adquirindo habilidades para desenvolverse adecuadamente, con autonomía e iniciativa persoal en ámbitos da vida e do coñecemento (saúde, actividade productiva, ciencia, progresos tecnolóxicos)

- a) Percepción do espazo físico da vida e actividade humana e saber interactuar co espazo circundante
- b) Ser consciente do influxo da presenza das persoas no espazo
- c) Espírito crítico no observación da realidade
- d) Coñecemento do corpo humano e da natureza e da interacción entrambos
- e) Comprender e tomar decisións sobre o mundo físico e sobre os cambios que a actividade, consumo racionalidade humana produce (medio ambiente, saúde, calidade de vida)
- f) Planificar e manexar solucións técnicas según criterios de economía e eficacia para satisfacer as necesidades da vida e do mundo laboral
- g) Desenrolo e aplicación do pensamento científico-técnico
- h) Valoración do coñecemento científico en relación con outras formas de coñecemento
- i) Uso racional dos recursos naturais
- j) Coidado do medio ambiente, consumo racional e responsable
- k) Protección da saúde individual e colectiva

4. COMPETENCIA CULTURAL E ARTISTICA

- a) Coñecer as manifestacións culturais en xeneral e artísticas en particular, comprendelas, valoralas criticamente, utilízalas como fonte de enriquecemento, disfrutalas, consideralas coma parte do patrimonio dos pobos
- b) Situarase ante elas poñendo en xogo a creatividade e a capacidade crítica
- c) Coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas e obras máis destacadas do patrimonio cultural
- d) Identificar as relacións existentes entre as manifestacións culturais e a sociedade
- e) Ter conciencia da evolución do pensamento, correntes estéticas, modas e gustos
- f) Ter conciencia da importancia dos factores estéticos na vida diaria
- g) Aprecio da expresión das ideas e sentimentos a traveso dos medios artísticos
- h) Valorar a liberdade de expresión, o dereito a diversidade culpara transformar a información en coñecemento cultural, ó diálogo intercultural.

En síntese: Apreciar a arte e disfrutar con el e participar na vida cultural colaborando na conservación do patrimonio cultural.

5. COMPETENCIA MATEMÁTICA

En síntese trátase de razoar matematicamente e comprender a argumentación matemática. Expresarse e comunicarse coa linguaxe matemática. Relacionar isto con outros tipos de coñecemento para dar unha mellor resposta as situacións da vida.

6. COMPETENCIA NAS TÉCNICAS DA INFORMACION E COMUNICACIÓN

- a) Saber buscar información, procesala, comunicala e transformala en coñecemento, tendo presentes distintos soportes: oral, escrito, audiovisual, dixital, multimedia.
- b) Ter dominio das linguaxes específicas básicas (textual, numérico, icónico, visual, gráfico, sonoro) das súas pautas de decodificación e transferencia
- c) Saber aplicar as distintas linguaxes en distintas ocasións
- d) Exercitar o razoamento para transformar a información en coñecemento. Así: organizala, relacionala, analizala, sintetizala, comprendela, integrala en esquemas previos
- e) Comunicala información e coñecementos adquiridos utilizando recursos expresivos de distinta índole
- f) Utilizar as tecnoloxías como transmisoras de información e comunicación
- g) Utilizalas temen como xeneradoras de infrmación e coñecemento
- h) Comprender a natureza e modo de operar dos sistemas tecnolóxicos
- i) Analizala información proporcionada de forma crítica no traballo persoal e en colaboración
- j) Utilizalas tecnoloxías da información e comunicación coma ferramentas para organizar a información, procesala e orientala a consecución dos obxectivos de aprendizaxe
- k) Facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos.
- k) Seleccionar e avaliar novas fontes de información

En síntese: seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes e as ferramentas tecnolóxicas de forma responsable, crítica e reflexiva, como persoa autónoma e eficaz

7. COMPETENCIA EN APRENDER A APRENDER

Esta competencia leva consigo:

- a) Ser consciente das propias capacidades (intelectuais, físicas etc.)
- b) Ser consciente das propias posibilidades para desenvolvelas e do que me poden axudar os demais
- c) Ter confianza nun mesmo, motivación e gusto por aprender
- d) Ser consciente do que se sabe e o que se necesita aprender; das potencialidades e carencias
- e) Coñecer os procesos de aprendizaxe e saber xestionalos de cara a satisfacer obxectivos persoais
- f) Valorar a aprendizaxe coma unha realidade que enriquece a vida e require esforzo
- g) Cultivar capacidades que teñen que ver co aprendizaxe, como: a atención, a concentración, a memoria, a comprensión e a expresión lingüística

- h) Poñer en práctica técnicas de estudo, de observación, de traballo cooperativo, resolución de problemas, organización de actividades, selección e tratamento da información
 - i) Plantexarse preguntas e identificar e manexar a diversidade de respostas posibles ante unha situación ou problema
 - j) Habilidade para obter información e transformala en coñecemento, relacionándoo cos coñecementos previos e a experiencia persoal
 - k) Plantexarse metas alcanzables a corto, medio e longo prazo e plantexarse obxectivos de aprendizaxe de forma progresiva e realista
 - l) Practicala autoavaliación con responsabilidade e compromiso
 - m) saber captar os erros e aprender de eles
 - n) aprender dos demais e con eles
 - o) Ter seguridade para afrontar novos retos de aprendizaxe
- En síntese: ter conciencia das propias capacidades, saberlas xestionar e controlalas.

8. COMPETENCIA NA AUTONOMIA E INICIATIVA PERSOAL

- a) Valores e actitudes persoais coma: responsabilidade, a perseverancia, coñecemento de si mesmo, a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos, de afrontar os problemas, demorar a necesidade de satisfacción inmediata, aprender dos erros e asumir riscos.
 - c) Elixir con criterio propio, imaxinar proxectos
 - d) Transformar ideas en accións, o cal significa:
 - Propoñerse obxectivos, proxectos, novas ideas
 - Buscar solucións e levalas á práctica
 - Analizar posibilidades e limitacións
 - Avaliar o feito e autoavaliarse
 - Ter visión estratéxica dos retos e oportunidades
 - e) Ter unha actitude positiva ante o cambio
 - f) Dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar, traballar en equipo, poñerse no lugar dos demais, dialogar e negociar, valorar as ideas dos demais, saber comunicar as propias decisións
 - g) Ter confianza nun mesmo, espírito de superación, saber organizar os tempos e tarefas, afirmar e defender os dereitos, saber asumir os riscos.
- En síntese: ser capaz de imaxinar e soñar, de emprender, desenrolar e avaliar accións e tarefas
- Con creatividade, sentido crítico, responsabilidade e confianza.

III. OBXECTIVOS XERAIS DO PRIMEIRO CICLO

No primeiro ciclo de Ensino Secundário Obligatoria os obxectivos xerais de etapa son:

1. Identificar os principais textos e documentos en que se expresa a relixión católica na súa orixe e na súa historia.
2. Achegar-se e comprender a Biblia como fonte de información e como palabra de Deus aos homes, para coñecer a orixe do cristiismo, e como norma fundamental da fé e vida cristiás.
3. Recoñecer e profundar no coñecemento de Xesus como centro de fé cristiá.
4. a) Identificar os riscos esenciais da Igrexa co fin de comprender a súa ser, a súa misión, e organización.
b) Tomar conciencia das raíces cristiás da nosa cultura, valorando a aportación da Igrexa á nosa sociedade.
5. a) Recoñecer a forza expresiva dos símbolos para descubrir o sentido e finalidade dos sacramentos.
b) Identificar as expresións relixiosas máis populares do entorno para situá-las correctamente na súa orixe e perceber a súa significazón.
6. a) Sintetizar os riscos esenciais da imaxe de Deus revelada por Xesus.
b) Saber fundamentar as principais afirmacións da mensaxe cristián sobre a dignidade do home
7. Profundar nos criterios da moral católica e aplicá-los no comportamento.
8. Descubrir que a fé cristiá suscita actitudes responsábeis e solidárias na sociedade.
9. a) Valorar a importancia da integridade da persoa e a asunción de responsabilidades das propias accións.
b) Identificar os problemas máis preocupantes do entorno sabendo proxectar en eles os valores evanxélicos.
10. Contrastar as opcións e actitudes que configuran a propia vida cos valores e normas que se extraen do Evanxeo.
11. a) Valorar o cristianismo e as súas manifestacións históricas e culturais como un feito vivo e significativo para os crentes.
b) Saber relacionar coa fe cristiá algunhas expresións artísticas e culturais do entorno e do patrimonio universal e valorá-las como signos da identidade da nosa aldea.

IV. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PRIMEIRO CICLO

- 1.- Localizar as primeiras afirmacións da mensaxe cristián, mediante a análise de documentos e testemuños escritos para valorar a súa actualidade.
- 2.- a) Coñecer e diferenciar algunhas características históricas, literarias e relixiosas da Biblia para saber fundamentar e aplicar a mensaxe que transmite.
b) Comprender as principais etapas da historia da salvación.
- 3.- a) Localizar e describir o mapa xeográfico, social, político e relixioso, a fin de coñecer o contexto da vida de Xesús.
b) Identificar os riscos fundamentais da persoa de Xesús, para saber por o que é o centro da fé cristiá.

- 4.- a) Profundar na experiencia relixiosa comunitaria dos primeiros cristiáns.
- b) Coñecer a estrutura e organización da Igrexa mediante a observazón directa e a análise de documentos, para comprender a súa función no mundo.
- 5.- a) Identificar e distinguir o valor expresivo dos sacramentos.
- b) Adquirir unha visión global dos sete sacramentos.
- c) Situar correctamente as festas e expresións relixiosas populares, para descubrir o seu sentido.
- 6.- a) Recoñecer as principais afirmacións sobre Deus formuladas no credo.
- b) Identificar as principais afirmacións sobre o ser humano que se desprenden da revelación, para saber fundamentar a visión cristiá sobre a dignidade e igualdade de todos os homes.
- 7.- Enumerar e analizar os elementos básicos da moral cristiá.
- 8.- Constatar a problemática persoal e do entorno para a valorar e extrair consecuencias.
- 9.- a) Tomar conciencia da propia condición humana, a partir dos relatos bíblicos sobre a orixe do pecado e do mal no mundo, para recoñecer o que implica a salvación de Xesus.
- b) Identificar e relacionar os valores que rexen na sociedade, para se formar unha opinión propia e tomar posturas coherentes coa mensaxe cristiá.
- 10.- Contrastar a mensaxe moral do evanxello coas formas de pensar e actuar, para elaborar e asumir unha escala de valores que axude a orientar e avaliar as propias opcións.
- 11.- a) Identificar e recoñecer a aportación da Igrexa no campo da cultura, para valorar a súa opción polos pobres e o seu compromiso na construción da paz e a xustiza.
- b) Recoñecer o sentido e valor relixioso de diversas expresións artísticas e culturais do entorno e do patrimonio universal para as situar no seu contexto e finalidade.

V. SELECCIÓN E SECUENCIA DE CONTIDOS DO PRIMEIRO CICLO

1.-1º ESO

UNIDADE 1. Fun, son e serei

Os alumnos deste curso comezan unha nova etapa académica. Atrás quedan seis anos

de estudos nos que, se cursaron a materia de relixión, adquirirían unha primeira e elemental síntese de fe cristiá. O reto desta nova etapa é non só consolidar o aprendido, senón ampliar o campo de coñecemento.

Neste curso, do mesmo xeito que sucederá nos seguintes, comezamos cunha unidade didáctica de marcado contido antropolóxico. Con ela preténdese que o alumno se coñeza máis e mellor a si mesmo, reflexione non só sobre o seu pasado, senón sobre o seu presente; e, especialmente, sobre o que desexa ser no futuro, é dicir, sobre a súa vocación.

I. OBXECTIVOS

- Comprender como inflúe nunha persoa o seu pasado.
- Coñecer como somos e o que significa vivir ben o presente.
- Descubrir a importancia da vocación da persoa.
- Descubrir como a partir dun proxecto de vida se constrúe o futuro.

II. CONTIDOS

CONCEPTOS

- O ser humano, unha historia persoal en proceso.
- As primeiras etapas da vida humana.
- A puberdade e a adolescencia.
- A importancia da vocación.
- A importancia de ter un proxecto de vida.
- O proxecto de vida cristián.
- Dificultades para desenvolver o proxecto de vida.

PROCEDEMENTOS

- Revivir recordos da propia existencia e estruturalos.
- Realizar un esquema que resuma as calidades persoais máis desenvolvidas.
- Analizar viñetas e cómics, e ser capaz de explicar de forma sinxela a mensaxe do autor.
- Analizar textos literarios para sacar deles a ensinanza que pretende transmitir o seu autor.
- Explicar os conceptos básicos deste tema.

ACTITUDES

- Interese por profundar na propia experiencia vital.
- Valor da autoestima e o autocoñecemento.
- O valor da vida como proxecto de crecemento e relación.
- Admiración cara ás persoas que son auténticas co seu proxecto de vida.
- Apertura á formulación de preguntas profundas sobre o sentido da vida.

III. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Explicar de forma coherente as primeiras etapas evolutivas do ser humano.
2. Descubrir en que consiste o compromiso cristián para consigo mesmo e para cos demais.
3. Saber explicar que é a vocación en xeral e a vocación cristiá en particular.
4. Saber explicar o significado de palabras e expresións como “desenvolvemento persoal”, “vocación”, “vocación cristiá”, “proxecto de vida”.
5. Saber dialogar con respecto e escoitar con interese as experiencias dos demais.

IV. COMPETENCIAS BÁSICAS

As competencias que se pretenden desenvolver son as seguintes:

1. Adquirir un maior coñecemento de si mesmo.
2. Comprender conceptos como “vocación” e “proxecto de vida”.
3. Desenvolver a capacidade de traballo en equipo.
4. Potenciar o hábito da lectura.
5. Expresarse correctamente de forma oral e escrita.

V. TRANSVERSAIS E INTERDISCIPLINARIEDADE

Ao longo da unidade didáctica desenvólvense diversos contidos transversais como educación para a convivencia, cando se tratan aspectos como o de relación e valoración coas persoas adultas, especialmente as persoas maiores; educación moral e cívica, cando se tratan aspectos relacionados coa vocación ou o proxecto de vida; educación para a igualdade entre os sexos e educación sexual, cando se abordan temas relacionados coas etapas evolutivas das persoas.

Os contidos desta unidade didáctica non se tratan de forma específica noutras materias deste curso, pero si se abordan implicitamente en todas elas, xa que un obxectivo claro de calquera materia é formar cidadáns libres e responsables.

Algo similar poderíamos dicir da presenza destes contidos noutras relixións. Todas elas teñen como obxectivo prioritario a formación integral da persoa por medio da realización plena da súa vocación.

UNIDADE 2. A árbore das relixións

Vivimos nun mundo no que as diferentes manifestacións relixiosas son unha constante en calquera ámbito. Nos medios de comunicación, sobre todo no cine e na televisión, o feito relixioso está moi presente. Na escola é evidente a pluralidade relixiosa de alumnos e profesores: as súas prácticas, as tradicións ás que pertencen etc., son unha mostra diso.

O feito relixioso constitúe un elemento fundamental na formación integral da persoa. Dende as orixes da humanidade ata os nosos días, foi crecendo e ramificándose a

árbore das relixións. Nesta unidade imos coñecer esta árbore das relixións coas súas diferentes pólas e nas diferentes culturas nas que están presentes.

I. OBXECTIVOS

- Descubrir os elementos do feito relixioso e as súas distintas manifestacións na historia e na vida dos pobos.
- Razoar as respostas que as grandes relixións dan ás grandes preguntas sobre a existencia.
- Coñecer que clasificación se pode facer das relixións presentes no mundo actual.
- Descubrir as características elementais das relixións orientais e das relixións monoteístas.
- Fomentar o diálogo interrelixioso como base da convivencia e da paz.

II. CONTIDOS

CONCEPTOS

- Panorama das relixións tradicionais ou primitivas. Clasificación e elementos.
- Relixións desaparecidas en Exipto, Mesopotamia, Grecia e Roma.
- Confucianismo, taoísmo e xintoísmo.
- O hinduísmo: orixe, crenzas, deuses.
- O budismo: Buda, crenzas, nirvana.
- Elementos fundamentais das relixións monoteístas: xudaísmo, cristianismo e islam.

PROCEDIMENTOS

- Situar no mapa a presenza das diferentes relixións.
- Coñecer mediante cadros sinópticos os nomes das divindades exipcias, romanas e gregas, e analizar as coincidencias entre elas.
- Elaborar cadros nos que aparezan os datos máis significativos das relixións orientais máis importantes.
- Explicar as características propias de cada unha das tres grandes relixións monoteístas.
- Relacionar varias imaxes e símbolos coa relixión que representan.

ACTITUDES

- Interese polo coñecemento do feito relixioso.
- Valorar o papel das diferentes relixións na historia.
- Curiosidade acerca das peculiaridades das relixións orientais e das relixións monoteístas.
- Recoñecer as achegas da relixión á cultura.
- Tolerancia e respecto cara a outros sentimentos e expresións do feito relixioso.
- Actitude de apertura cara ao diálogo interrelixioso.

III. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Saber explicar a orixe da relixión e os elementos das relixións tradicionais ou primitivas.

2. Identificar as relixións desaparecidas e coñecer o nome dalgunha das súas divindades.
3. Definir o confucianismo, o taoísmo e o xintoísmo.
4. Saber explicar os elementos máis característicos do hinduísmo e do budismo.
5. Saber en que consisten os aspectos fundamentais das tres relixións monoteístas e a relación entre elas.

IV. COMPETENCIAS BÁSICAS

As competencias que nesta unidade se pretenden potenciar son:

1. Adquirir conciencia da importancia da relixión na vida dos seres humanos dende sempre.
2. Coñecer as diferentes relixións que existiron e que existen na actualidade.
3. Potenciar o correcto coñecemento das relixións e das súas expresións sociais e culturais.
4. Potenciar a análise do contorno relixioso no que vivimos.

V. TRANSVERSAIS E INTERDISCIPLINARIEDADE

Un dos contidos transversais presentes nesta unidade é o da *Educación para a paz e a convivencia*. Nun mundo globalizado, as relixións e todo o que comportan xa non se sitúan nun único territorio e de igual xeito, senón que están presentes ao longo e ancho do planeta. Os homes e mulleres pertencentes ás diferentes relixións están chamados á convivencia e ao respecto mutuo.

Na historia e na actualidade existen numerosos exemplos de como as relixións mal entendidas ou levadas ao fanatismo provocan guerras, conflitos e rupturas da convivencia social. Esta unidade está formulada tendo moi presente a riqueza que representan todas as relixións para a vida das persoas.

UNIDADE 3. Deus crea e salva

Entre as cuestións que os seres humanos se formularon dende sempre está a da orixe de todo o creado, particularmente do home e a muller. Nunha sociedade na que os avances tecnolóxicos e a investigación teñen tanta importancia, o tema da creación segue sendo materia de estudo, reflexión, debate e hipótese. En todas as relixións coñecidas existen relatos sobre a orixe do mundo e a figura de Deus creador. É tamén o caso do cristianismo.

Nesta unidade suscítase o tema de como, partindo dos relatos bíblicos e da reflexión teolóxica, ha de entenderse a creación e as consecuencias que ten dicir que fomos creados a imaxe e semellanza de Deus. Tamén se abordan os temas da liberdade, do pecado e da salvación de Xesús Cristo.

I. OBXECTIVOS

- Buscar resposta ás preguntas fundamentais que nos facemos sobre a orixe e o destino das persoas e analizar as implicacións que ten dar resposta a estas preguntas.

- Analizar os interrogantes profundos do ser humano sobre a orixe do universo para valorar as respostas que a fe cristiá dá sobre a creación e a vida humana.
- Explicar a orixe da vida como froito do designio amoroso de Deus Pai.
- Comprender, a partir dos relatos da creación, que as persoas estamos feitas a imaxe e semellanza de Deus, chamados a colaborar na obra da creación.
- Reflexionar sobre as consecuencias que teñen o mal e o pecado na relación con nós mesmos, cos demais e con Deus.
- Saber razoar o sentido da salvación do pecado e da morte que Xesús Cristo outorga ao crente.

II. CONTIDOS

CONCEPTOS

- As preguntas fundamentais do ser humano: De onde vimos?, A onde imos?
- As respostas da Biblia.
- Deus crea por amor. Toda a creación é froito do amor de Deus.
- O ser humano, creado a imaxe e semellanza de Deus, é colaborador e responsable do creado.
- O risco e a grandeza da liberdade: a ruptura do pecado.
- A salvación de Xesús, camiño para os cristiáns.

PROCEDIMENTOS

- Formularse as preguntas máis profundas que o ser humano se cuestionou dende a antigüidade.
- Ler diversos textos bíblicos, interpretalos e analizar a información pertinente.
- Distinguir o ámbito científico do ámbito relixioso.
- Contemplan obras de arte con contido relixioso e relacionalas coas escenas bíblicas que conteñen ou os valores que intentan transmitir.

ACTITUDES

- Estudo rigoroso do tema da creación.
- Interese por atopar resposta ás preguntas.
- Desexo de profundar con coherencia nos temas propostos nesta unidade.
- Aprecio polo valor da creación e da vida humana como obra de Deus.
- Convencemento da dignidade especial do ser humano como ser creado a imaxe e semellanza de Deus.
- Responsabilidade ante o don da liberdade.

III. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Saber explicar que significa e que consecuencias ten que a Biblia non sexa un libro científico.
2. Razoar acerca da especial dignidade e complexidade do ser humano.

3. Identificar as principais afirmacións sobre o ser humano que se desprenden da revelación.
4. Saber expresar os principais elementos da mensaxe de Deus creador e salvador da humanidade a través dos principais acontecementos bíblicos.

IV. COMPETENCIAS BÁSICAS

1. Reflexionar dende diferentes ámbitos sobre as preguntas e as respostas arredor do tema da creación.
2. Comprender o significado de conceptos e expresións como *imaxe e semellanza, salvación, pecado, liberdade, boa noticia*.
3. Potenciar a lectura en profundidade da mensaxe que conteñen as obras de arte que representan episodios bíblicos.
4. Desenvolver o espírito crítico ante cuestións como a creación.

V. TRANSVERSAIS E INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta unidade vimos que o Deus cristián ten unhas características moi especiais e diferenciadoras: é un Deus amor que sae de si mesmo para crear o mundo e a vida, e, por amor, envía ao seu Fillo para salvar e liberar ao ser humano.

Todo iso ten consecuencias directas na vida das persoas, xa que do acto creador de Deus despréndese que todos temos a mesma dignidade de criaturas amadas por El.

Nos contidos desta unidade están presentes temáticas transversais como *a educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos, a educación para a paz e a convivencia* e, directamente relacionado coa creación, *a educación ambiental*.

UNIDADE 4. Xesús, o mesías anunciado

Esta unidade comeza lembrando a situación do pobo de Israel que confiaba na vinda dun mesías salvador. As profecías cumpríronse en Xesús, aínda que moitos non o recoñeceron: nel Deus manifestouse definitivamente.

Os relatos da infancia dos evanxelistas Mateu e Lucas poñen de manifesto a esperanza do pobo e o cumprimento das promesas. Ao comezo da vida pública Xesús elixiu un grupo de discípulos para que o acompañasen na súa misión.

I. OBXECTIVOS

- Coñecer os relatos da infancia de Xesús e as circunstancias nas que se produciron.
- Comprender o que querían comunicar os evanxelistas ao narrar os acontecementos da infancia e do comezo da vida pública.
- Analizar o acontecemento da elección dos discípulos por parte de Xesús.
- Descubrir a Xesús Cristo como centro da fe cristiá.

II. CONTIDOS

CONCEPTOS

- Cumprimento das promesas mesiánicas na persoa de Xesús.
- A intención didáctica dos evanxelistas ao escribir as súas obras.

- O propósito dos relatos evanxélicos da infancia.
- Os evanxeos de Mateu e Lucas como relatores da infancia de xesús.

PROCEDEMENTOS

- Traballar coa Biblia buscando citas e comparando textos bíblicos.
- Resolver algúns pasatempos didácticos baseados en distintas estratexias.
- Ler e comprender relatos literarios para extraer deles unhas conclusións reflexionadas.
- Sintetizar conceptos por medio de definicións propias do alumno.
- Lectura e análise de secuencias dalgunhas películas.

ACTITUDES

- Interese por coñecer o que os evanxeos nos contan da infancia de Xesús.
- Capacidade de admiración ante a mensaxe que nos transmiten imaxes e fotografías de temas humanos e relixiosos.
- Dispoñibilidade para o traballo en grupos dalgunhs exercicios propostos.
- Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación para ampliar coñecementos e buscar información.

III. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Identificar os elementos fundamentais dos relatos da infancia de Xesús.
2. Definir con precisión o significado da palabra “Encarnación” e da expresión “Deus Pai”.
3. Relacionar os relatos da infancia cos evanxeos de Mateu e Lucas.

IV. COMPETENCIAS BÁSICAS

As competencias que se pretende desenvolver son:

1. Adquirir maior coñecemento sobre a vida de Xesús de Nazaret.
2. Potenciar a lectura de textos bíblicos e descubrir o propósito dos mesmos.
3. Expresar correctamente de forma oral e escrita os contidos estudados.

V. TRASVERSAIS E INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta unidade didáctica trabállanse contidos transversais vinculados aos conceptos de amizade, familia, sociedade e grupo de pertenza, propios da educación para a convivencia. O desenvolvemento das sociedades, o establecemento de sistemas políticos e a convivencia entre persoas e pobos son contidos do currículo de Lingua e Xeografía e Historia de primeiro de secundaria, tamén presentes nesta unidade. A lectura, interpretación e análise de imaxes cinematográficas complementan os contidos do área de Plástica.

UNIDADE 5. Xesús anunciou o reino de Deus

Nesta unidade didáctica centrámonos na proclamación da boa nova que fai Xesús: a chegada do reino de Deus. Para a súa proclamación Xesús utiliza parábolas e

milagres, así como a súa acollida aos pobres e marxinados da sociedade; todo iso manifesta a chegada do reino.

I. OBXECTIVOS

- Comprender o que Xesús quere dicir cando fala do reino de Deus e cales son as características do mesmo.
- Coñecer cales son as parábolas que narrou Xesús e comprender que quixo dicir con elas.
- Analizar por que Xesús fixo milagres e comprender o sentido que quixo dar aos mesmos.
- Analizar cal foi a actitude de Xesús cos pecadores.
- Valorar a mensaxe de Xesús a partir do texto das benaventuranzas.

II. CONTIDOS

CONCEPTOS

- O reino de Deus como centro da mensaxe de Xesús.
- As parábolas, relatos cun fin didáctico.
- Clasificación das parábolas.
- Os milagres de Xesús: concepto e clasificación.
- Marxinación e estamentos sociais en tempos de Xesús.

PROCEDEMENTOS

- Manexar a Biblia buscando citas e comparando textos bíblicos.
- Resolver algúns pasatempos didácticos baseados en distintas estratexias.
- Ler e comprender relatos literarios para extraer deles conclusións reflexionadas.
- Sintetizar conceptos por medio de definicións propias do alumno.
- Analizar algunhas parábolas de Xesús e clasificar o ensino que intentan presentar de acordo co tipo de parábola.
- Distinguir claramente entre os aspectos sociolóxicos e morais das persoas que compoñían a sociedade en tempos de Xesús.

ACTITUDES

- Interese polas ensinanzas de Xesús nas parábolas.
- Capacidade de admiración ante a mensaxe que nos transmiten imaxes e fotografías de temas humanos e relixiosos.
- Dispoñibilidade para o traballo en grupo nalgúns exercicios propostos.
- Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para ampliar coñecementos.
- Aprecio pola capacidade de Xesús de actuar libremente nun contexto social no que había moitos marxinados.
- Actitude solidaria cos discriminados e excluídos do mundo actual.

III. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Definir con precisión o significado das seguintes palabras: “parábola”, “milagre”, “benaventuranza”.

2. Sintetizar a mensaxe evanxélica sobre o reino de Deus, mediante a análise das parábolas e os discursos de Xesús, a fin de descubrir o seu valor humanizador e as actitudes básicas da vida cristiá.
3. Saber clasificar as parábolas de acordo cos tres grandes tipos de parábolas.

IV. COMPETENCIAS BÁSICAS

1. Saber verbalizar conceptos, explicitar ideas, redactar un escrito e expoñer un argumento.
2. Utilización correcta da linguaxe, oral e escrita, como instrumento de aprendizaxe.
3. Ser capaz de emocionarse, valorar e xulgar as diferentes manifestacións culturais.
4. Posuír un mellor coñecemento do anuncio realizado por Xesús.

V. TRANSVERSALES E INTERDISCIPLINARIEDAD

Nesta unidade didáctica trabállanse contidos transversais vinculados a conceptos relacionados coa *educación cívica e moral, a educación para a paz e a educación para a igualdade* de sexos. Ademais, estúdanse contidos que teñen que ver coa xeografía de Israel e cos usos e costumes do pobo xudeu.

UNIDADE 6. Xesús, unha vida entregada

Logo de estudar a vida pública de Xesús, nesta unidade preséntase aos alumnos os acontecementos da súa paixón, morte e resurrección.

Posto que estes feitos son a base da fe cristiá, é importante que os alumnos acaden unha boa comprensión deles como elementos que iluminen a súa fe e a súa vida cristiá.

I. OBXECTIVOS

- Analizar o acontecemento da resurrección de Xesús e a importancia que este feito ten para a vida dos cristiáns.
- Coñecer as distintas aparicións de Xesús aos seus discípulos e analizar o significado das mesmas.
- Coñecer e analizar o significado dos principais títulos cristolóxicos: Xesús Cristo, Fillo de Deus, Salvador, Señor.
- Coñecer os feitos máis significativos do final da vida de Xesús na terra e analizar o significado dos mesmos.

II. CONTIDOS

CONCEPTOS

- Os relatos da paixón, morte e resurrección de Xesús.
- O significado da última cea de Xesús e a eucaristía.
- O xuízo relixioso e político a Xesús.
- Crucifixión e morte de Xesús.
- O sentido da morte de Xesús para os cristiáns.

- A salvación e a redención de Xesús Cristo para os cristiáns.
- Xesús vence á morte: a resurrección
- A confesión de fe na encarnación, morte, e resurrección de Xesús nas primeiras comunidades cristiás.

PROCEDEMENTOS

- Relacionar a realidade de opresión na actualidade coa inxustiza sufrida por Xesús.
- Atopar a relación existente entre a morte e resurrección de Cristo coas afirmacións de fe da Igrexa.
- Ler e analizar textos bíblicos.
- Elaborar esquemas onde quede reflectida a dimensión política e relixiosa do xuízo a Xesús e os títulos que este recibe.
- Contemplar cadros con contido relixioso da pintura universal e relacionalos coas escenas bíblicas que conteñen e os valores que intentan transmitir.

ACTITUDES

- Actitude de solidariedade coas vítimas de calquera opresión, en especial as que derivan da falta de liberdade, do xenocidio étnico, da persecución relixiosa etc.
- Interese por coñecer os datos evanxélicos sobre a morte e resurrección de Cristo.
- Convencemento da importancia da resurrección como centro da fe cristiá.
- Actitude de diálogo e de respecto cara ás opinións vertidas por outros compañeiros.

III. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Describir, a partir dos distintos relatos evanxélicos, en que consistía a cea xudía da pascua.
2. Saber interpretar a morte e a resurrección de Xesús como fonte de amor, perdón, esperanza e novo nacemento para os fillos de Deus.
3. Explicar os distintos títulos que os cristiáns aplicaron a Xesús a partir da experiencia pascual.

IV. COMPETENCIAS BÁSICAS

1. Saber recompilar e procesar información.
2. Saber verbalizar conceptos, explicitar ideas e ser competente á hora de comprender e usar diferentes textos.
3. Ser capaz de poñerse no lugar do outro e comprometerse persoalmente cos valores universalmente aceptados.
4. Ser capaz de transformar as ideas en actos.

V. TRANSVERSAIS E INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta unidade didáctica trabállanse contidos transversais vinculados a valores da *educación cívica e moral, a educación para a paz e a educación para a igualdade de*

sexos. Tamén se estudan conceptos relacionados coa xeografía de Israel e cos usos e costumes do pobo xudeu.

UNIDADE 7. UN PROXECTO DE VIDA

O ser humano está dotado dunha serie de calidades, habilidades e recursos. Consciente diso, crea o seu propio proxecto de vida dende a liberdade. Para o cristián, o seu proxecto de vida xira arredor da persoa e da mensaxe de Xesús.

Nesta unidade didáctica preséntanse aos alumnos as claves para discernir o seu propio proxecto. Neste proxecto teñen que estar, como referencias fundamentais, o valor da persoa e a dignidade humana.

I. OBXECTIVOS

- Comprender como somos e como evolucionamos as persoas.
- Analizar que valores han de desenvolver as persoas para estar ben consigo mesmas.
- Valorar a importancia que teñen os outros, especialmente os amigos, no desenvolvemento da personalidade.
- Acercarse ao ser da persoa e valorar a dignidade da mesma pola súa orixe, a súa transcendencia e a súa dignidade.
- Analizar os interrogantes profundos do ser humano para analizar a resposta que a fe cristiá dá aos mesmos.

II. CONTIDOS

CONCEPTOS

- Complexidade e riqueza do ser humano.
- Importancia do autoconhecimento e da autoestima.
- Necesitamos convivir cos demais.
- A raíz antropolóxica da pregunta sobre Deus. O home, pola súa natureza, capaz do descubrimento de Deus: en que sentido existen vías humanas de acceso a Deus.
- O gran interrogante da existencia: o sentido da vida.

PROCEDIMENTOS

- Revivir recordos da nosa propia existencia e estruturalos.
- Formular as dúbidas e preguntas sobre o sentido da vida.
- Ler e comentar os textos propostos.
- Ler as imaxes e relacionalas coa propia vida, cos valores ou situacións que intentan transmitir.
- Analizar os elementos da verdadeira amizade.

ACTITUDES

- Interese por profundar na propia experiencia vital.
- Valor do propio corpo, da saúde e de estar ben consigo mesmo.
- Valor da autoestima e o autoconhecimento.
- Admiración cara ás persoas que son auténticas co seu proxecto de vida.
- Valor da amizade.

III. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Manifestar interese por cuestionarse o sentido da súa propia existencia.
2. Saber dialogar con respecto e escoitar con interese as experiencias dos demais.
3. Descubrir os puntos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo con outros sistemas de interpretación da vida.
4. Descubrir en que consiste o compromiso cristián consigo mesmo e cos demais e a importancia do amor e da amizade.

IV. COMPETENCIAS BÁSICAS

1. Escoitar, falar e conversar sendo consciente dos principais tipos de interacción verbal.
2. Saber optar con criterio propio.
3. Saber levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver e facerse responsables das propias accións.
4. Ter confianza nun mesmo, espírito de superación, espírito emprendedor e sa ambición persoal e profesional.

V. TRANSVERSAIS E INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta unidade didáctica trabállanse contidos transversais vinculados a valores da *educación cívica e moral*, a *educación para a paz* e a *educación para a igualdade de sexos*.

Algúns dos contidos desta unidade trabállanse de modo intenso e extenso na materia de Educación *para a cidadanía*. Ademais, o tema da liberdade, a responsabilidade e a importancia do proxecto persoal de vida trabállase de modo especial na titoría.

UNIDADE 8. O agasallo do amor

Nesta unidade abordamos diversos temas de gran importancia: a experiencia de amar e ser amados, a sexualidade como compoñente esencial da personalidade e a súa maduración nas diferentes etapas da vida.

Partimos falando dos moitos e diferentes tipos de amor que poden darse na nosa vida, para pasar a continuación a propoñer unha lectura da sexualidade como realidade rica e interesante, necesaria e presente en todas as etapas da vida dunha persoa.

Os contidos que esta unidade propón poden resultar moi suxestivos para os alumnos e as alumnas que cursan 1º de ESO, xa que se atopan na etapa preadolescente e comezan a experimentar en primeira persoa moitas das cousas das que se abordan nesta unidade. É importante ter este dato presente para facelos partícipes e protagonistas de moitas das reflexións que se van realizar e dos contidos que se van traballar.

I. OBXECTIVOS

- Analizar os moitos e diferentes tipos de amor que se dan no ser humano.
- Coñecer e valorar o papel da sexualidade en determinados tipos de amor.
- Comprender a relación que existe entre amor e sexualidade, insistindo na importancia que ten a maduración sexual da persoa.
- Identificar a dimensión moral da sexualidade humana e relacionala cos criterios que dimanan da fe cristiá.
- Situarse ante o matrimonio e a familia como elementos clave na vida das persoas e coñecer outras opcións como o celibato.
- Adquirir uns principios básicos para poder actuar con liberdade e responsabilidade no campo da sexualidade.

II. CONTIDOS

CONCEPTOS

Para os cristiáns, o tempo non é circular. A historia humana está marcada por un antes e un despois do acontecemento Cristo. Xesús chama a colaborar, desde a responsabilidade e a liberdade, para anticipar "un ceo novo e unha terra nova". A nova creación é obra de Deus pero, na espera da súa chegada definitiva, os cristiáns, involucrados no traballo pola xustiza, a paz e a salvagarda da creación, comprométense a loitar contra todas as opresións e limitacións, e a construír o reino de Deus.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Coñecer que di a fe cristiá sobre o destino deste mundo e, polo tanto, sobre o destino das persoas.
2. Analizar a promesa que Deus fai dun mundo novo e comprender a responsabilidade dos cristiáns na construción dun ceo e dunha terra nova.
3. Comprender, a partir das palabras de Xesús, que di a relixión cristiá sobre o destino da nosa vida e do mundo.
4. Comprobar como todas as relixións da humanidade intentaron darlle resposta ao problema da morte.
5. Interpretar e comprender, a partir da morte de Xesús, cal é o futuro que lle espera ao cristián despois da morte.

CONTIDOS

CONCEPTOS

- Tempo circular e tempo lineal: Xesús marca un antes e un despois.
- O reino de Deus, don e tarefa, presente e futuro.
- *En Xesús cúmprense as promesas de Deus e as esperanzas do pobo ao vencerlle á morte.*
- A segunda vinda de Cristo.
- A liberación definitiva: unha festa para compartir na que xa non haberá morte nin dor.

- *Deus promete un ceo novo e unha terra nova.*
- *Os cristiáns responsables ante o futuro.*
- Construír un mundo novo: unha tarefa de cada día.

PROCEDIMENTOS

- Interrogarse sobre o misterio da morte e do máis alá.
- Formular as dúbidas e preguntas sobre as actitudes ante a fin do mundo.
- Recoñecer e distinguir algunhas das afirmacións da escatoloxía no Novo Testamento, en especial nos evanxeos.
- Ler e analizar algunhas viñetas.
- Preguntarse sobre o mundo que Deus prepara ao final da historia.
- Ler, interpretar e explicar textos bíblicos, xornalísticos e literarios.
- Contemplan cadros con contido relixioso da pintura universal, relacionándoos coas escenas bíblicas que conteñen ou cos valores que intentan transmitir.
- Ler e subliñar as ideas principais de varios textos do maxisterio da Igrexa sobre o final dos tempos.

ACTITUDES

- Actitude de tolerancia ante outras formas de concibir a morte e o máis alá que se dan noutras persoas, en diferentes culturas e relixións.
- Actitude de esperanza ante o concepto da fin do mundo.
- Espírito crítico ante datos alarmantes e mensaxes que inducen ao temor ou a actitudes sectarias.
- Interese por darlles resposta ás cuestións da morte e do máis alá.
- Mostrar disciplina e orde ante as tarefas que se propoñen.
- Respeto polas opinións doutros compañeiros.

COMPETENCIAS BÁSICAS

Entre os obxectivos fundamentais para a adquisición e o desenvolvemento progresivo das competencias básicas están a capacidade innata para dinamizar a intelixencia e chamar a razón humana na busca de "algo máis". A busca orixinaria que identifica a todo ser humano, a capacidade de ser e estar xunto aos outros desde a fraternidade, o amor, a ansia de infinito e a plenitude do ser na vida eterna, son elementos constitutivos da humanidade.

As referencias ao sentido último da existencia e a chamada á responsabilidade ante o presente e o futuro forman a persoa desde dentro, liberándoa de todo o que a impide vivir libremente e abríndoa a unha visión do ser humano optimista, responsable e comprometida.

Cultural e artística (CB 3)

- Mostrar curiosidade por coñecer máis e mellor diversas concepcións do tempo.
- Apreciar a cultura propia e as alleas xunto ás súas manifestacións culturais.

Autonomía e iniciativa persoal (CB 5)

- Exercitar a asunción de responsabilidades ante o presente e ante o futuro.
- Crecer en liberdade interior abríndose a valores transcendentales como a esperanza, a responsabilidade e a misericordia.
- Desenvolver valores de integración social, de servizo e solidariedade cos semellantes.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Saber diferenciar as diferentes concepcións temporais: tempo circular e tempo lineal.
2. Dar razón da esperanza que anima os cristiáns ante a idea da fin do mundo.
3. Explicar que di Xesús sobre o reino, un reino presente e tamén futuro.
4. Explicar correctamente a actitude da esperanza cristiá e descubrir o seu sentido activo e non resignado, e o compromiso persoal e social que entraña a súa vivencia.
5. Saber explicar que significa "un ceo novo e unha terra nova" e que responsabilidade teñen os cristiáns na súa construción.

Os contidos mínimos exigibles neste nivel son todos os incluídos na programación elaborada excepto os referentes á unidade 10: Un mundo novo.

VI. OBXECTIVOS XERAIS PARA O SEGUNDO CICLO

Igual que para o Primeiro Ciclo, partimos do Currículo Oficial proposto pola Comisión Episcopal de Ensino (e, no seu caso, polos bispos das comunidades autónomas respectivas) e das características dos alumnos e alumnas que están nesta etapa educativa. A conxunción de ambos elementos dá lugar aos obxectivos e criterios de avaliación que proferimos conseguir durante o Segundo Ciclo da ESO.

1. a) Interesar-se polo feito relixioso como algo fundamental e referencial na historia da humanidade, e valorar neste contexto o que é específico da relixión cristiá.
b) Situar no seu contexto os textos fundamentais da relixión católica para comprender o seu sentido e valorá-los como reposta ás inxedanzas relixiosas dos homes.
2. a) Analisar e valorar os criterios de interpretación das fontes do cristiismo, á luz do magisterio da Igrexa, e saber aplicá-los .
b) Coñecer os feitos e razóns que separan entre se aos cristiáns para saber en o que consiste o problema ecuménico e cuál é a súa situación actual.
3. a) Saber fundamentar a experiencia relixiosa cristiá no acontecemento da morte e resurrección de Xesus.
b) Recoñecer a Jesucristo como revelación definitiva de Deus e plenitud humano.

c) Descubrir os riscos característicos da fé en Jesucristo e a súa integración na experiencia comunitaria da Igrexa.

4. a) Coñecer os principais momentos, personaxes e acontecementos da historia da Igrexa para descubrir os seus efectos na vida da Igrexa e no dinamismo da sociedade.

b) Valorar a acción evangelizadora actual da Igrexa pola súa contribución á construción dun mundo mellor e dunhas relacións máis solidarias entre os homes de toda raza e condición.

5. Coñecer os signos e símbolos máis característicos das relixións e valorar o seu significado no contexto cultural en que naceron.

6. a) Comprender o fenómeno relixioso como expresión de apertura do home á transcendencia e da súa procura de sentido.

b) Adquirir unha información fundamental sobre as relixións máis importantes para valorar a orixinalidade e actualidade da súa mensaxe e comprender as súas manifestacións.

c) Formular as preguntas fundamentais que se fai o home sobre a transcendencia e o sentido da vida, e sintetizar as principais respostas das relixións en xeral e do cristiánismo en particular.

7. a) Identificar a dimensión moral da vida humana e relaciónala cos criterios que dimanán da fé cristiá.

b) Descubrir o que aportan a mensaxe cristián e a doutrina da Igrexa á tarefa do home de se realizar como tal e vivir de acordo coa súa dignidade.

8. Recoñecer, a partir do evanxello e da doutrina social da Igrexa, os valores fundamentais da moral cristiá e saber aplicálos ás diversas situacións da vida actual.

9. a) Recoñecer, a partir do evanxello e da doutrina social da Igrexa, os valores fundamentais da moral cristiá e saber aplicálos ás diversas situacións da vida actual.

b) Coñecer os principios fundamentais da doutrina social da Igrexa e saber aplicálos con sentido crítico ás diversas situacións e conflitos morais que se viven na sociedade española.

10. Exercitar-se na análise da sociedade actual para identificar os riscos que a caracterizan e comprender o papel que o cristián, en nome da súa fé, debe desempeñar en ela.

11. Valorar os xeitos positivos e negativos da nosa cultura plural, con un profundo respecto ás diversas opcións e crenzas, para discernir a realidade desde a perspectiva cristiá e actuar de forma constructiva.

VII. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO SEGUNDO CICLO

1. Coñecer os principais elementos que caracterizan á relixión, mediante a observazón e análise de feitos relixiosos, para definir os riscos esenciais da mesma.
2. Identificar os riscos característicos das grandes relixións da humanidade, mediante o estudo de documentos e a análise das suas crenzas e comportamentos, para adquirir un coñecemento elemental de cada relixión e unha visión de conxunto de todas as relixións.
3. Localizar e interpretar os principais textos da relixión católica, mediante o estudo de documentos, para clasificarlos, comprendé-los e valorá-los .
4. Coñecer os criterios de interpretación das fontes do cristiismo (Escritura e Tradición), mediante a análise de documentos do magisterio da Igrexa, para os aplicar ao estudo das mesmas e saber relacionar o seu conteúdo coa experiencia cristiá actual.
5. Explicar os feitos que deron orixe á separación das cristiáns, mediante a análise das circunstancias históricas en que se produciron, para comprender mellor a situación actual e valorar a importancia da unidade.
6. Identificar os riscos fundamentais da persoa e mensaxe de Xesus, mediante o estudo dos relatos evanxélicos, para fundamentar a experiencia cristiá na morte e resurreición de Xesus.
7. Sintetizar a mensaxe evanxélica sobre o reino de Deus, mediante a análise das parábolas e dos discursos de Xesus, para descubrir o seu valor humanizador e as actitudes básicas da vida cristiá.
8. Coñecer as principais confesions de fé en Jesucristo formuladas pola Igrexa á longa da súa historia, para descubrir os riscos característicos da súa fé en Jesucristo.
9. Situar no tempo e no espazo os principais acontecementos da vida da Igrexa, mediante a análise de documentos históricos, para valorar estes acontecementos no contexto en que se desenvolven.
10. Coñecer as principais etapas e lugares de expansión do cristiismo, mediante o estudo e análise de documentos gráficos e literarios, para valorar a súa acción evanxelizadora e a contribución a un mundo mais xusto e solidario.
11. Valorar as mediacións das diversas relixións, mediante o coñecemento e análise das mesmas, para comprender as diferentes maneiras que ten o home de se comunicar coa divindade.
12. Coñecer e valorar as principais manifestacións relixiosas cristiás, mediante a observazón e análise das mesmas, para comprender que son expresións da experiencia relixiosa dunha aldea e signos que manifestan a identidade do cristiismo.

13. Analisar o que é o que diferencia á relixión de outras manifestacións humanas, mediante o estudo e comparación das mesmas, para apreciar o que aporta a relixión á vida das persoas e das aldeas.

14. Identificar e describer as relixións máis importantes que existen hoxe no mundo, mediante a utilización dun procedemento para analizar unha relixión, co fin de descubrir a riqueza humana e cultural que subpón a variedade de relixións, e valorar a aportación das mesmas á cultura da humanidade.

15. Coñecer cuál debe ser a postura dos católicos fronte a outras manifestacións relixiosas, mediante o estudo e análise da realidade, para desenvolver actitudes de acollida, tolerancia e respecto.

16. Coñecer os valores fundamentais da moral cristiá, mediante o estudo de textos bíblicos e do magisterio da Igrexa, para os relacionar coa dimensión moral da vida humana.

17. Descubrir en o que consiste o compromiso cristián consigo mesmo e cos demais, mediante o estudo de relatos bíblicos e a doutrina social da Igrexa, para coñecer o fundamental da moral católica nas súas relacións cos demais.

18. Identificar os valores fundamentais da moral cristiá, mediante o estudo dos textos bíblicos e do magisterio da Igrexa, para saber aplicá-los ás diversas situacións da vida actual.

19. Adquirir un esquema comprensivo básico do funcionamento do acto moral, mediante a análise da estrutura do mesmo, para poder tomar decisións na vida con liberdade e responsabilidade.

20. Describer a realidade social, política e económica do entorno e detectar os problemas que plantea, mediante a observación e a análise da sociedade máis cercana, para a valorar desde os principios fundamentais da doutrina social da Igrexa.

21. Tomar conciencia, mediante a observación da realidade e o uso dos medios de comunicación, da orde social inxusta imperante hoxe no mundo, para comprometerse, desde planteamentos de fé, en mellorar a situación.

22. Detectar e valorar a influencia da ciencia e a técnica na nosa sociedade, mediante a análise da realidade, para comprender o papel da fé nunha sociedade científico-técnica e apreciar as súas contribución ao desenvolvemento humano.

23. Identificar os riscos que caracterizan a arte e a cultura da nosa sociedade, mediante a observación e o estudo das súas manifestacións, co fin de establecer un diálogo constructivo entre a fé cristiá e a cultura actual.

VIII. SELECCIÓN E SECUENCIA DE CONTIDOS DO SEGUNDO CICLO**1.- 3º ESO****UNIDADE 1. Non somos illas**

A convivencia con outras persoas en distintos ambientes axuda ao adolescente a alcanzar un desenvolvemento pleno do seu corpo, da súa intelixencia e dos seus afectos. Os contidos desta unidade didáctica son plenamente antropolóxicos. No comezo de curso preténdese que o alumno se coñeza máis a si mesmo e potencie e intensifique a súa relación cos grupos naturais aos que pertence: familia, colexio e amigos particularmente.

I. OBXECTIVOS

- Coñecer e interpretar a relación da persoa cos diferentes grupos sociais aos que pertence.
- Descubrir a importancia de vivir en grupo e de compartir experiencias con outras persoas.
- Reflexionar sobre o lugar da familia no proceso de desenvolvemento da persoa.
- Analizar as esixencias e compromisos dos cristiáns na súa relación con Deus, consigo mesmo e cos demais, relacionándoos con outras opcións presentes na sociedade.

II. CONTIDOS**CONCEPTOS**

- A dimensión moral da persoa.
- A relación con Deus e cos irmáns.
- Liberdade e procura voluntaria do ben.
- A importancia de amar e sentirse amado.
- Relación, amor e amizade.

PROCEDEMENTOS

- Reflectir de xeito esquemático a rede de relacións que establece cada alumno co seu contorno social.
- Utilizar a letra de cancións como apoio para o debate e a reflexión.
- Ler e interpretar imaxes como expresión de sentimentos.
- Sintetizar conceptos por medio de definicións propias do alumno.

ACTITUDES

- Participación na dinámica de diversos grupos.
- Diálogo como lugar de encontro entre as persoas.
- Apertura cara aos outros.
- Procura da amizade.
- Desenvolvemento da capacidade de traballo en equipo.

III. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Razoar o valor da liberdade como elección da verdade e do ben, e raíz da responsabilidade dos propios actos.
2. Explicar a importancia das accións das persoas no seu proceso de crecemento.
3. Saber escoitar e dialogar nun debate, valorando as opinións dos demais.
4. Sintetizar o contido dun texto nunha frase.

IV. COMPETENCIAS BÁSICAS

As competencias que se pretenden desenvolver son as seguintes:

1. Adquirir un maior coñecemento da relación da persoa con respecto ao grupo.
2. Relacionar os conceptos: *individuo, grupo, sociedade, familia*.
3. Comprender e resumir o contido dun texto.
4. Comunicar sentimentos e experiencias de forma oral.

V. TRANSVERSALES E INTERDISCIPLINARIEDAD

Nesta unidade didáctica trabállanse contidos transversais vinculados aos conceptos de amizade, familia, sociedade e grupo de pertenza. Nos catro epígrafes da unidade está presente a *educación para a convivencia*. A *educación moral e cívica* trátase nesta unidade ao falar das relacións interpersoais, da fidelidade na amizade e da importancia da comunicación.

O desenvolvemento das sociedades, o establecemento de sistemas políticos e a convivencia entre persoas e pobos son contidos do currículo de Xeografía deste mesmo curso.

Entre os obxectivos doutras tradicións relixiosas tamén está a boa relación e a convivencia entres as distintas comunidades de fe.

UNIDADE 2. Un só Deus

Nesta unidade didáctica estudaranse as tres relixións monoteístas, tamén chamadas *relixións do libro* presentes na nosa historia e na nosa cultura: xudaísmo, cristianismo e islam.

O diálogo interrelixioso é una das claves da nosa sociedade. A emigración e inmigración supón a convivencia de distintas culturas e relixións nun mesmo espazo. Coñecer o que outras persoas cren, as súas tradicións, a súa cultura axuda ao desenvolvemento da paz.

I. OBXECTIVOS

- Coñecer e interpretar os distintos elementos que conforman o fenómeno relixioso na súa estrutura e na súa expresión histórica, como base de comprensión das distintas relixións.
- Analizar os principios que fundamentan a fe cristiá na vida eterna, valorando criticamente a proposta das grandes relixións.
- Analizar as esixencias e compromisos dos cristiáns na súa relación con Deus, consigo mesmos e cos demais, relacionándoos con outras opcións presentes na sociedade e nas grandes relixións.
- Recoñecer e valorar os fitos máis importantes da fe cristiá na historia da Igrexa, nas grandes obras da cultura e nas súas festas, considerando tamén as achegas doutras relixións.

II. CONTIDOS

CONCEPTOS

- O proxecto de Deus sobre o home segundo o xudaísmo, o cristianismo e o islam.
- A revelación progresiva no pobo de Israel. O xudaísmo.
- A novidade de Xesús de Nazaret.
- Raíces comúns e novidades do islam.
- A influencia das relixións monoteístas en la configuración de la historia y la cultura española.

PROCEDEMENTOS

- Reflectir de maneira esquemática a rede de relacións que se establece entre as grandes relixións.
- Ler e interpretar imaxes como expresión cultural das diversas relixións.
- Sintetizar conceptos por medio de definicións propias do alumno.

ACTITUDES

- Diálogo como lugar de encontro entre as relixións.
- Apertura cara á relixión que profesan outras persoas.
- Desenvolvemento da capacidade de traballo en equipo.
- Comprensión e respecto cara ás tradicións e expresións das diferentes relixións.

III. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Detectar os principais elementos que constitúen o fenómeno relixioso e a súa expresión concreta no cristianismo.
2. Saber definir os aspectos propios de cada unha das relixións monoteístas.
3. Describir o sentido da vida que ofrece a experiencia relixiosa nas tres relixións monoteístas.
4. Sintetizar o contido dun texto extraído de libros sagrados.

IV. COMPETENCIAS BÁSICAS

As competencias que se pretende desenvolver son as seguintes:

1. Adquirir un maior coñecemento do xudaísmo e do islam.
2. Relacionar os conceptos: *relixión, politeísmo, monoteísmo, rito e mito*.
3. Comprender e resumir o contido dun texto.
4. Comunicar sentimentos e experiencias de forma oral.
5. Saber escoitar e dialogar nun debate, valorando as opinións dos demais.

V. TRANSVERSAIS E INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta unidade didáctica trabállanse contidos transversais vinculados aos conceptos de cultura, sociedade e grupo de pertenza. Coñecer as bases culturais e relixiosas das tres grandes relixións monoteístas é parte dos contidos de educación para a convivencia.

A educación para a paz trabállase nesta unidade ao presentar os elementos comúns ás tres relixións monoteístas. As relacións entre as culturas, árabe, xudía e cristiá, foron tensas nalgúns momentos da historia pero tamén houbo momentos de interculturalidade e de concordia.

UNIDADE 3. A Biblia, un libro sagrado

A presente unidade introduce aos alumnos no estudo da Biblia; que é, como se utiliza, de que trata, cando e como se escribiu e de que libros está composta. Ademais, presenta unha introdución ao estudo do Antigo Testamento, os libros que o compoñen e os xéneros literarios nos que están escritos.

A unidade non pretende ser un estudo en profundidade da Sagrada Escritura, senón unha introdución na que os alumnos descubran como se foi formando a Biblia e como se debe interpretar a mensaxe que quere transmitir. Esta unidade verase complementada coa unidade seguinte, dedicada ao estudo do Novo Testamento. Os contidos que presenta son fundamentais xa que coñecer a Biblia é esencial para poder fundamentar e entender correctamente a novidade e significatividade da mensaxe cristiá.

I. OBXECTIVOS

- Comprender que a Biblia é un libro relixioso que contén a Historia da Salvación.
- Coñecer que narran e como se escribiron os libros que compoñen o Antigo Testamento.
- Identificar os lugares onde transcorren os principais acontecementos que narra a Biblia así como algúns dos seus xéneros literarios.
- Saber utilizar a Biblia situándoa na súa orixe, forma e finalidade e interpretación adecuada en relación coa historia e experiencia relixiosa de Israel e como expresión da revelación de Deus Pai aos homes.
- Situar no seu contexto á Biblia para comprender o seu sentido e valoralo como resposta ás inquietudes relixiosas das persoas.

- Comprender a Biblia como palabra de Deus ás persoas e norma fundamental da fe e da vida cristiás.

II. CONTIDOS

CONCEPTOS

- A Biblia: un libro relixioso, un libro de fe.
- División da Biblia entre o Antigo e o Novo Testamento.
- Elementos básicos de interpretación do Antigo Testamento. Os distintos libros do Antigo Testamento e a súa división, descrición, autores. Xéneros literarios. Os libros do NT.
- Xeografía da Biblia: Mesopotamia, Exipto e Canaán. Os nomes da terra prometida.
- A revelación progresiva de Deus na Biblia. As dez etapas históricas da Biblia.
- O Deus da Biblia: liberador, próximo, salvador.
- Importancia da Biblia no noso patrimonio cultural.

PROCEDEMENTOS

- Recoñecer e distinguir nun mapa xeográfico as principais rexións da xeografía bíblica.
- Ordenar cronoloxicamente as etapas da Biblia.
- Relacionar a algúns personaxes bíblicos coa súa época histórica.
- Distinguir entre o AT e o NT e clasificar por xéneros literarios os libros da Biblia.
- Ler e analizar diversos textos bíblicos, literarios, xornalísticos e doutrinarios.
- Coñecer, respectar e valorar o patrimonio cultural e histórico-artístico relacionado coa Biblia.
- Utilizar as tecnoloxías da información para buscar información relacionada co tema.

ACTITUDES

- Interese por comprender as dimensións literarias, históricas e xeográficas da Biblia.
- Valor da fe a Biblia como Palabra de Deus e libro relixioso.
- Interese por aprender os títulos dos libros da Biblia, as súas clasificacións, etc.
- Aprecio polos elementos culturais e artísticos que se inspiran na tradición bíblica.

III. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Dar razón da importancia da Biblia para a fe xudía e cristiá.
2. Definir con precisión o significado dalgunhas das moitas palabras-clave do tema.

3. Saber en que consiste a diferenza fundamental entre o Antigo e o Novo Testamento, así como o contido dos diversos libros segundo os seus xéneros literarios.
4. Enumerar os xéneros literarios máis importantes da Biblia.
5. Coñecer e diferenciar algunhas características históricas, literarias e relixiosas da Biblia, para saber fundamentar e aplicar a mensaxe que transmite.

IV. COMPETENCIAS BÁSICAS

As competencias que se pretende desenvolver son as seguintes:

5. Adquirir un maior coñecemento da Biblia en canto libro sagrado pola súa autoría, o seu contido e a súa finalidade.
6. Relacionar os conceptos: *revelación, canon, autoría, inspiración, tradición bíblica*.
7. Comprender e resumir o contido dun texto.
8. Saber localizar e citar textos bíblicos de modo correcto.
9. Coñecer a estrutura e o contido do Antigo Testamento.

V. TRANSVERSAIS E INTERDISCIPLINARIEDADE

Esta unidade está relacionada con varias materias, de xeito especial coa de *Xeografía e Historia*, en todo o referente ao Crecente Fértil, Exipto e Oriente Próximo.

Tamén coa materia de *Lingua e Literatura* en todo o referente aos xéneros literarios, as grandes obras literarias con personaxes bíblicos como protagonistas: Abraham, Salomé, Xudit etc.

Ademais, os contidos teñen unha presenza significativa na música, o cine, a pintura, a escultura etc.

Entre os contidos transversais que teñen unha maior presenza neste tema atópanse a *educación moral e cívica* e a *educación para a paz*.

UNIDADE 4. O Novo Testamento

Baixo o título de *Novo Testamento* agóchase unha importante cantidade de contidos a desenvolver na aula en diferentes sesións. A unidade comeza mostrándonos un mapa xeográfico, político e histórico do país no que viviu Xesús.

A continuación mostra unha fotografía da sociedade daquel tempo e, unha vez sinalados os escenarios e os diferentes actores, aborda o tema de que, cantos e como son os evanxeos e outros libros que compoñen o Novo Testamento. Sen dúbida esta unidade recolle moita información e toda ela é especialmente significativa para coñecer o mellor posible a vida e a mensaxe de Xesús de Nazaret.

I. OBXECTIVOS

- Coñecer as características xeográficas e políticas de Palestina, país onde viviu Xesús de Nazaret.
- Percorrer brevemente a peculiar historia do país de Xesús.
- Aprender como era a sociedade do tempo de Xesús: a súa forte estruturación en clases e grupos sociais.

- Coñecer as principais características da relixión xudía daquel tempo: a súa fe, normas, festas e centros relixiosos.
- Estudar que libros conforman o Novo Testamento para comprender a mensaxe que encerran.
- Coñecer que son os evanxeos, cando foron escritos e con que finalidade. Evanxeos sinópticos e apócrifos.
- Identificar diferentes xéneros literarios nos textos evanxélicos.

II. CONTIDOS

CONCEPTOS

- Xeografía, política e historia de Palestina.
- Sociedade do tempo de Xesús: dirixentes, grupos sociais e marxinados.
- Fe, normas, festas e centros relixiosos xudeus.
- Evanxeo e evanxeos: autoría, significado, contido, finalidade e tipoloxía.
- Os xéneros literarios nos evanxeos.
- Outros libros do Novo Testamento: Feitos, Cartas e Apocalipse.

PROCEDEMENTOS

- Traballar con diferentes mapas da época para identificar os aspectos físicos e políticos de Palestina.
- Buscar en textos bíblicos diferentes acontecementos e lugares onde transcorreron escenas da vida de Xesús.
- Realizar algunha sinopse con textos evanxélicos para mostrar o seu parecido e a súa especificidade.
- Realizar cadros sintéticos cos conceptos e contidos máis importantes.

ACTITUDES

- Realización de diferentes actividades nos diversos apartados da unidade.
- Disponibilidade para coñecer datos doutra época que son importantes para comprender o evanxeo.
- Capacidade de traballar en equipo.
- Aprender a analizar a mensaxe dun texto, o que o seu autor quixo dicir e o que nos di a nós hoxe.

III. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Coñecer as características xeopolíticas do país de Xesús.
2. Saber diferenciar os diferentes grupos que estruturaban a sociedade do tempo de Xesús.
3. Definir que é evanxeo, cantos hai e que son os evanxeos sinópticos e apócrifos.
4. Saber identificar o xénero literario dun texto evanxélico.
5. Coñecer que libros compoñen o NT e cal é o seu contido.

IV. COMPETENCIAS BÁSICAS

As competencias que se pretenden desenvolver son as seguintes:

1. Adquirir maior coñecemento do contexto (xeográfico, político, histórico e social) no que viviu Xesús.
2. Saber definir que é un evanxeo e coñecer as súas diferenzas e peculiaridades.
3. Coñecer que libros compoñen o Novo Testamento e saber distinguir neles os diferentes tipos de linguaxe e de xéneros literarios.

V. TRANSVERSAIS E INTERDISCIPLINARIEDADE

Esta unidade está relacionada con materias como *Xeografía e Historia*, en todo o referente ao Crecente Fértil, Exipto e Oriente Próximo, *Lingua e Literatura* en todo o referente aos xéneros literarios e as grandes obras literarias con personaxes bíblicos como protagonistas.

Algúns dos temas que se traballan nesta unidade teñen relación con contidos da materia *Educación para a cidadanía*.

Entre os contidos transversais que teñen unha maior presenza neste tema atópanse a *educación moral e cívica* e a *educación para a paz*.

UNIDADE 5. Vida en comunidade

Logo da morte e resurrección de Xesús os discípulos continúan a súa obra anunciando a boa nova, a chegada do reino de Deus. Os primeiros cristiáns viven en comunidade: este grupo é distinto aos outros grupos relixiosos da época, xudeus ou romanos. Nesta unidade didáctica estúdase como vive esta primeira comunidade e como se estende, cal é a súa misión dende hai máis de vinte séculos. Os sacramentos enriquecen e conforman a vida da comunidade cristiá.

I. OBXECTIVOS

- Analizar e valorar o sentido e finalidade da Igrexa en canto á realización institucional do servizo de humanización e salvación que Cristo ofrece ao ser humano, e descubrir as súas achegas aos procesos máis importantes da historia española e europea.
- Coñecer e valorar a resposta dos crentes á mensaxe e acontecemento cristián que se realiza na Igrexa.
- Recoñecer e valorar os fitos máis importantes da fe cristiá na historia da Igrexa, nas grandes obras da cultura e nas súas festas, considerando tamén as achegas doutras relixións.

- Comprender e distinguir a acción salvadora de Cristo, e o carácter celebrativo de cada un dos sacramentos.

II. CONTIDOS

CONCEPTOS

- Xesucristo convoca e congrega á comunidade dos seus discípulos.
- A Igrexa, misterio de comunión.
- O Espírito Santo forza e vida dos crentes.
- A Igrexa, Pobo de Deus.
- A misión da Igrexa: catolicidade e carácter misionero.
- Os sacramentos da confirmación e da orde sacerdotal.

PROCEDEMENTOS

- Reflectir de xeito esquemático a rede de relacións que se establece entre as grandes relixións.
- Ler e interpretar textos oficiais da Igrexa.
- Sintetizar conceptos por medio de definicións propias do alumno.
- Elaboración dunha ficha de análise.

ACTITUDES

- Desenvolvemento da capacidade de traballo en equipo.
- Apertura cara aos outros.
- Participación nas tarefas de tipo persoal e grupal.
- Interese por adquirir novos coñecementos.

III. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

5. Establecer relacións entre os textos da Biblia, da tradición e o maxisterio sobre a revelación de Deus.
6. Razoar como os carismas e ministerios desenvolven a misión da Igrexa.
7. Razoar o fundamento da Igrexa comunión, os seus signos e as consecuencias na vida do crente pola acción do Espírito.
8. Sintetizar o contido dun texto extraído de libros sagrados.

IV. COMPETENCIAS BÁSICAS

As competencias que se pretende desenvolver son as seguintes:

10. Adquirir un maior coñecemento da misión da Igrexa como comunidade.
11. Relacionar conceptos.
12. Comprender e resumir o contido dun texto.
13. Comunicar sentimentos e experiencias de forma oral.

V. TRANSVERSAIS E INTERDISCIPLINARIEDADE

Parte dos contidos contemplados nesta unidade fan referencia á materia de *Ética*. Os contidos que fan referencia ao Concilio Vaticano II son tamén parte dos contidos da materia de *Xeografía e Historia*, como parte dos grandes acontecementos do século XX. En canto aos contidos transversais, nesta unidade a *solidariedade* e a *educación para a paz* están presentes nalgún dos apartados.

UNIDADE 6. A fe, resposta dos crentes

Do mesmo xeito que ocorre co termo relixión, cando falamos da fe podemos atoparnos con infinidade de definicións. Sexan cales foren se devanditas definicións, o que nunca pode faltar na definición do que é a fe é que esta é unha resposta dos crentes. Sendo así, suponse que se respondemos é porque nos sentimos chamados: é o caso dos cristiáns, cuxa fe é crer no Deus de Xesucristo, un Deus amor e relación. Nesta unidade imos estudar a fe cristiá: o que é, como se manifesta, onde se vive e de onde procede.

I. OBXECTIVOS

- Coñecer en que consiste a fe cristiá, como se manifesta, onde se vive e de onde procede.
- Descubrir no seguimento de Xesús a raíz do ser cristián.
- Afondar nas características básicas do seguimento de Xesús.
- Aprender que significa que o Deus cristián é amor e coñecer as canles que Deus utiliza para comunicarse: a Biblia, a tradición e o maxisterio.
- Identificar a Xesucristo como Fillo de Deus encarnado entre os homes mediante o coñecemento e análise da súa mensaxe, vida e presenza polo Espírito Santo na igrexa.

II. CONTIDOS

CONCEPTOS

- A fe cristiá.
- Crer en Xesús é seguir a Xesús.
- Deus, un e trino.
- Biblia, tradición e maxisterio

PROCEDEMENTOS

- Lectura e análise de textos para facilitar a comprensión de contidos.
- Realización de propostas de traballo e actividades para reforzar a adquisición de coñecementos.
- Ler e interpretar o contido das imaxes.
- Utilizar a letra de cancións como apoio para a reflexión.

ACTITUDES

- Responsabilidade ante as tarefas que se propoñen e nas actividades grupais.
- Atención á adquisición de novos conceptos.
- Desenvolvemento da capacidade de traballar co texto bíblico.
- Reflexión sobre os contidos da unidade para a propia vida.

III. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Definir que é, cando se inicia, en que se apoia, onde se vive e como se expresa a fe cristiá de modo correcto.
2. Saber que significa seguir a Xesús a partir da lectura e análise dos textos do Novo Testamento.
3. Saber explicar que significa que Deus é amor e relación.
4. Definir correctamente que son e que significan a Biblia, a tradición e o maxisterio.

IV. COMPETENCIAS BÁSICAS

As competencias que se pretende desenvolver son as seguintes:

1. Adquirir un correcto coñecemento do que significa crer en Xesucristo.
2. Saber relacionar a fe cristiá coa vida como motivo de sentido.
3. Clarificar ideas arredor do concepto de Trindade.
4. Analizar e comprender o significado de diferentes textos.

V. TRANSVERSAIS E INTERDISCIPLINARIEDADE

A fe e as crenzas son contidos que están intimamente relacionados con contidos transversais como *educación para a convivencia e educación moral e cívica*. Ademais, algúns contidos desta unidade teñen estreita relación con contidos e pensadores que aparecen noutras materias como, por exemplo, na materia de *Lingua e Literatura, Cultura Clásica e Educación para a cidadanía*.

UNIDADE 7. Decidir en liberdade

A presente unidade aborda o tema da liberdade e a responsabilidade de todo ser humano. As persoas temos a capacidade de orientar a nosa vida, para o que habemos de tomar moitas decisións. De como decidimos depende en gran medida como é e será a nosa vida. Esta unidade expón a apaixonante pero difícil tarefa de orientar correctamente a nosa vida dende a liberdade, a responsabilidade e a conciencia.

I. OBXECTIVOS

1. Analizar o proceso mediante o cal as persoas tomamos decisións e construímos a nosa personalidade.
2. Aprender a analizar que é o que fai que unha decisión sexa boa ou mala.
3. Coñecer como viviu Xesús as súas propias decisións.
4. Comprender como debe ser a conduta dos seguidores de Xesús.
5. Identificar a dimensión moral da vida humana e relacionala cos criterios que dimanan da fe cristiá.
6. Adquirir un esquema comprensivo básico dos elementos do acto moral para poder actuar con liberdade e responsabilidade.
7. Valorar a importancia de ser fieis á propia conciencia e de asumir a responsabilidade das propias accións.

II. CONTIDOS

CONCEPTOS

- O proceso de decisión nas nosas vidas.
- As opcións fundamentais, guía das nosas decisións.
- Conceptos de liberdade e *responsabilidade*.
- A conciencia moral.
- *O home novo que xorde de Xesucristo. A vida como proxecto persoal.*
- *Fundamentos da dimensión moral. O proceso das nosas eleccións.*
- *Identificación e relación entre causas e efectos do acto moral.*
- Os valores. Os valores de Xesús. Os valores dos discípulos de Xesús.

PROCEDEMENTOS

- Ler e comentar os textos propostos.
- Reflexionar e recoñecer a dimensión moral de toda persoa.
- Relacionar os conceptos de “condutas” cos “valores” que as animan.
- Elixir e comentar textos evanxélicos.
- Buscar o significado de palabras clave.
- Expoñer as dúbidas e preguntas sobre a forma de formular un acto moral.
- Establecer comparacións entre diversas escalas de valores.
- Coñecer, respectar e valorar as crenzas, actitudes e valores do noso acervo cultural e do patrimonio histórico artístico.

ACTITUDES

- Actitudes de creatividade e participación nas tarefas que se propoñen.
- Interese por chegar a ter unha conciencia moral ben formada.
- Dispoñibilidade cara á reflexión crítica sobre as posturas e valores dun mesmo.
- Admiración por aquelas persoas que son consecuentes coas súas opcións e valores fundamentais.
- Interese por descubrir mellor como seguir a Xesús na sociedade actual.

III. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Definir con precisión o significado das seguintes palabras: *conciencia, conduta, valor, benaventuranza, liberdade e responsabilidade*.
2. Saber en que consisten os elementos do acto moral.
3. Mostrar inquietude por formularse novos valores que orienten a propia existencia.
4. Recoñecer a necesidade de maior formación no área moral.
5. Saber dialogar con respecto e escoitar con interese as experiencias e opinións dos demais.
6. Dar razón dos propios valores e opcións persoais.
7. Saber identificar os principios morais que emanan do cristianismo, e que fundamentan o ben obrar, para saber aplicalos ás diversas situacións da vida actual.

IV. COMPETENCIAS BÁSICAS

As competencias que se pretende desenvolver son as seguintes:

1. Tomar conciencia da importancia e responsabilidade que supón ser libres.
2. Saber definir correctamente termos como *conciencia, conduta, valor, benaventuranza, liberdade e responsabilidade*.
3. Coñecer a relación e as consecuencias da liberdade, a escravitude e a responsabilidade.
4. Comprender e resumir o contido dun texto.
5. Comunicar sentimentos e experiencias de forma oral.
6. Saber escoitar e dialogar nun debate, valorando as opinións dos demais.

V. TRANSVERSAIS E INTERDISCIPLINARIEDADE

Esta unidade didáctica, centrada no tema da decisión moral, alude a diversos contidos transversais da *educación para a paz, a coeducación* e, ante todo, á *educación moral e cívica*. Os elementos básicos contidos na decisión moral abórdanse progresivamente: a liberdade e a súa ausencia na persoa, a conciencia moral e a referencia a Xesús de Nazaret, a existencia de valores que orientan as nosas accións e a procura do ben. A explicitación e posta en común dos valores da matriz cultural asimilados polo alumnado, a asertividade e a aprendizaxe na toma de decisións, a procura constante do ben persoal e común e, o crecemento en liberdade e responsabilidade son contidos comúns ás materias de *Ética, ensino doutras relixións e Educación para a cidadanía*.

UNIDADE 8. O agasallo da vida

A vida biolóxica, a vida humana, é o primeiro que atopamos e o último que deixamos. Nesta unidade trabállase arredor dela. O seu valor, a responsabilidade que todos temos ante ela e as ameazas, agresións e manipulacións ás que está exposta. Trátase de falar da vida como un don, como un agasallo arredor do cal somos chamados a tomar decisións. Na presente unidade imos estudar cal é o sentido e a importancia que lle dá o cristián á marabilla da vida.

I. OBXECTIVOS

- Reforzar o que xa coñecen sobre o respecto á vida humana.
- Aprender a interpretar, por medio da análise do relato da creación, qué nos di Deus sobre a vida humana.
- Coñecer os principios que a Igrexa foi elaborando, a partir dos relatos bíblicos, sobre a vida humana.
- Analizar como se aplican estes principios aos problemas que sobre a defensa da vida suscita o mundo de hoxe.
- Comprender que a tarefa do cristián é vivir a vida dun xeito positivo e alegre.
- Adquirir uns principios básicos para poder actuar con liberdade e responsabilidade neste campo.
- Valorar a importancia de ser fieis á propia conciencia e de asumir a responsabilidade das propias accións como persoas e como cristiáns.

II. CONTIDOS

CONCEPTOS

- Os relatos da creación na Biblia.
- O ser humano foi creado a imaxe de Deus.
- A vida pertence a Deus.
- Doutrina da Igrexa: a vida humana é sagrada.
- A tarefa do cristián fronte á vida: recibila, amala, promovela e defendela.
- As agresións contra a vida.
- *Moral da vida humana e problemática que representa: violencia, pena de morte, guerra, tortura; accidentes de tráfico, transplantes; aborto, eutanasia, suicidio, homicidio; enxeñería xenética, inseminación artificial, fecundación in vitro.*
- Xesús e o compromiso cristián en defensa da vida.

PROCEDEMENTOS

- Atopar a relación existente entre os dilemas morais actuais e a doutrina cristiá.
- Analizar de forma crítica e reflexiva diversas informacións sobre as agresións contra a vida.
- Ordenar a información recollida nunha táboa analítica.
- Ler e analizar varios escritos bíblicos.
- Responder ás preguntas suscitadas.
- Ler e comentar os textos poéticos e doutriniais propostos.
- Buscar o significado de palabras clave.
- Recoñecer os diferentes campos nos que está implicada hoxe a loita pola dignidade da vida humana.
- Utilizar recursos informáticos para ampliar contidos segundo os intereses do alumno ou alumna.

ACTITUDES

- Actitude de análise crítica.

- Dispoñibilidade para dar opinións dunha forma reflexiva.
- Valorar a vida.
- Interese pola defensa da dignidade da vida humana.
- Recoñecemento da necesidade de formación máis profunda sobre este tema.
- Actitude de solidariedade co sufrimento de todo ser humano.

III. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Identificar os valores fundamentais da moral cristiá sobre o respecto á vida para saber aplicarlos ás diversas situacións da vida actual.
2. Relacionar os valores que rexen na sociedade cos que dimanan do evanxeo para comprender o que de valores cristiáns ou non hai nos primeiros.
3. Definir con precisión o significado das seguintes palabras: tortura, suicidio, homicidio, aborto, eutanasia, clonación.
4. Explicar de forma coherente a doutrina cristiá sobre a sacralidade da vida humana.

IV. COMPETENCIAS BÁSICAS

14. Reflexionar de modo coherente arredor da vida como don e tarefa, como agasallo e responsabilidade.
15. Coñecer en profundidade as manipulacións, as agresións e as ameazas ás que está exposta a vida humana.
16. Comunicar sentimentos e experiencias de forma oral.
17. Saber escoitar e dialogar nun debate, valorando as opinións dos demais.

V. TRANSVERSAIS E INTERDISCIPLINARIEDADE

Os contidos desta unidade están percorridos por temas transversais como a *educación para a convivencia* e a *educación moral e cívica*. O tema da defensa da vida ante as ameazas e manipulacións tamén está presente no currículo de *Bioloxía*.

Constantemente aparecen noticias nos medios de comunicación relacionadas cos contidos desta unidade didáctica, polo que é un tema que se traballa nas horas de titoría.

UNIDADE 9. A vida dos primeiros cristiáns

Nesta unidade preséntase a vida dos primeiros cristiáns. Ser cristián é acoller a boa noticia de Xesús e cambiar de vida. Trala morte e a resurrección de Xesús, os seus seguidores levaron a súa mensaxe ata os confíns do Imperio romano, no medio de grandes dificultades e persecucións.

I. OBXECTIVOS

- Analizar e comprender a vida da primitiva comunidade cristiá a partir do que sobre a mesma nos di o libro dos Feitos.
- Coñecer a figura do apóstolo Paulo, o núcleo da súa predicación e a súa contribución á expansión do cristianismo no seu primeiro século de historia.
- Analizar a relación da Igrexa co imperio romano e a expansión da mesma ao longo do seu territorio durante os séculos II e III.

- Coñecer os principais momentos, personaxes e acontecementos da historia da Igrexa primitiva para descubrir os seus efectos na vida dos cristiáns e no dinamismo da sociedade.
- Coñecer e valorar o sentido e finalidade da Igrexa como a realización institucional do servizo de humanización e salvación que Cristo ofrece ao ser humano, e descubrir a súa achega nos feitos máis importantes da historia española e europea.

II. CONTIDOS

CONCEPTOS

- *A Igrexa primitiva nos Feitos dos Apóstolos.*
- Características da vida na primeira comunidade.
- *Unha comunidade ao servizo dos irmáns.*
- A variedade de servizos ou ministerios na Igrexa primitiva. Clasificación destes servizos.
- *Os primeiros conflitos na Igrexa.*
- *As primeiras persecucións.*
- *San Paulo e a súa obra misioneira.*
- *Expansión do cristianismo polo imperio romano.*
- *A Igrexa nos séculos II e III. As grandes persecucións. A vida interna da Igrexa durante os primeiros séculos.*
- As orixes do cristianismo en España.

PROCEDEMENTOS

- Analizar un cronograma e situar nel as principais persecucións dos emperadores romanos contra a Igrexa.
- Interpretar mapas xeográficos para descubrir os itinerarios de Paulo. Principais núcleos cristiáns nos primeiros séculos.
- Buscar, ler e interpretar textos bíblicos e doutrinais.
- Coñecer e apreciar o patrimonio cultural e relixioso de España, sobre todo dos primeiros séculos do cristianismo e das tradicións relixiosas máis antigas e duradeiras.
- Analizar viñetas e cómics, sendo capaces de traducir en explicacións sinxelas a mensaxe do autor.
- Contemplar cadros con contido relixioso da pintura universal, relacionándoos coas escenas bíblicas que conteñen ou os valores que intentan transmitir.

ACTITUDES

- Interese por descubrir os acontecementos máis significativos da Igrexa primitiva.
- Valor da historia da Igrexa como fonte de coñecemento da evolución da fe e das súas figuras máis representativas.
- Admiración cara á figura de San Paulo como o grande apóstolo da evanxelización de todos os pobos.
- Valor do servizo na comunidade cristiá como forma de vivir o amor e de seguir o exemplo de Cristo.

III. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Situar no tempo e no espazo os principais acontecementos da vida da Igrexa primitiva (vida e viaxes de San Paulo, causas e tempo do concilio de Xerusalén, grandes persecucións etc.), para valorar adecuadamente eses acontecementos no contexto no que se desenvolveron.
2. Sintetizar a confesión de fe e os valores da primitiva comunidade cristiá.
3. Describir a achega cultural, social e relixiosa da Igrexa na antigüidade.
4. Definir con precisión o significado das seguintes palabras: *ministerio, circuncisión, pagáns, catacumbas*.
5. Apreciar o valor do servizo como condición do seguimento de Cristo.

IV. COMPETENCIAS BÁSICAS

As competencias que se pretenden desenvolver son as seguintes:

1. Admirar a honestidade e capacidade de diálogo na Igrexa primitiva para buscar solucións cando non tiñan claro o que debían facer.
2. Interese por coñecer as orixes da fe católica en España e na diocese na que o alumno está vivindo.
3. Dispoñibilidade para emprender servizos e actitudes na vida de preocupación polas persoas que os rodean.
4. Interese pola dimensión de servizo dentro dos seus propios plans profesionais.
5. Saber escoitar e dialogar, valorando as opinións dos demais.

V. TRANSVERSAIS E INTERDISCIPLINARIEDADE

A temática abordada nesta unidade engarza perfectamente con temas de *Ciencias Sociais, Xeografía e Historia*, incluíndo manifestacións artísticas de todo tipo. Os primeiros séculos do cristianismo abórdase en 1º de ESO (no novo proxecto de *Ciencias Sociais* etc., edit. SM, abórdase a arte paleocristiá, e a Hispania romana especificamente nos temas 12 e 13). Procedementalmente o tema ofrece tamén moitos recursos e posibilidades para desenvolver a capacidade de dedución, análise e relación dos alumnos. Tamén aparecen numerosas referencias transversais sobre *convivencia, igualdade de xénero e educación para a solidariedade e a cidadanía*, que ben poden servir para establecer cadros comparativos entre a realidade histórica e a actual.

UNIDADE 10. Ante todo esperanza

Esta última unidade está dedicada á escatoloxía cristiá. Sabemos por experiencia que as persoas nacen, crecen, viven, envellecen e morren. Todos queremos saber cal é o desenlace desta historia da que somos protagonistas. Ante a realidade ineludible da morte, os cristiáns diríxense a Xesús e a María, buscando unha resposta marcada pola esperanza.

I. OBXECTIVOS

- Comprobar como todas as relixións da humanidade intentaron responder ao problema da morte.
- Interpretar e comprender, a partir da morte de Xesús, cal é o futuro que lle espera ao cristián despois da morte.
- Fundamentar o sentido da esperanza cristiá na resurrección.
- Coñecer como pode vivir un cristián a morte.
- Coñecer o que di o cristianismo sobre a morte e sobre o alén.
- Coñecer que di a fe cristiá sobre o destino deste mundo e, por tanto, sobre o destino das persoas.
- Analizar a promesa que Deus fai dun mundo novo que terá lugar despois deste.

II. CONTIDOS

CONCEPTOS

- A morte, unha cuestión que preocupa a todo ser humano.
- O problema da morte nas culturas da humanidade. A resposta da relixión á morte. A vida eterna.
- A confianza cristiá ante a morte.
- *En Xesús cúmprense as promesas de Deus e as esperanzas do pobo ao vencer a morte.*
- A resurrección de Xesús, esperanza dun alén.
- Os conceptos de Ceo e Inferno.
- Concepto cristián da fin do mundo.
- A segunda vinda de Cristo, o final da historia e o xuízo final.
- A liberación definitiva: unha festa para compartir na que xa non haberá morte nin dor.
- Deus promete un ceo novo e unha terra nova. A civilización do amor.

PROCEDEMENTOS

- Interrogarse sobre o misterio da morte e o alén.
- Recoñecer as diferentes posturas culturais e relixiosas ante a morte.
- Ler e analizar os resultados dunha enquisa sociolóxica sobre as crenzas relixiosas dos mozos españois.
- Analizar varios cómics e extraer deles os valores que intentan transmitir os seus autores, achegando ademais opinións persoais.
- Recoñecer e distinguir algunhas das afirmacións da escatoloxía no Novo Testamento, en especial dos evanxeos.
- Interrogarse sobre o mundo que Deus prepara ao final da historia.
- Ler e subliñar as ideas principais de varios textos do maxisterio da Igrexa sobre o final dos tempos.

ACTITUDES

- Actitude de tolerancia ante outras formas de concibir a morte e o alén que se dan en diferentes culturas e relixións.
- Interese por dar resposta ás cuestións da morte e o alén.
- Mostrar disciplina e orde ante as tarefas que se propoñen.
- Respecto polas opinións doutros compañeiros.
- Convencemento da centralidade deste tema na fe cristiá.
- Actitude de esperanza ante o concepto da fin do mundo.
- Interese por coñecer o que la tradición cristiá di sobre este tema.

III. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Saber identificar os principios doutrinais cristiáns, que fundamentan a esperanza na vida eterna.
2. Identificar e valorar as actitudes e valores básicos compartidos con outras confesións no tema da morte.
3. Sintetizar que significa a esperanza na resurrección.
4. Definir con precisión o significado das seguintes palabras: *morte, resurrección, esperanza, vida eterna, ceo, inferno*.

IV. COMPETENCIAS BÁSICAS

1. Reflexionar de modo coherente arredor da morte e da resurrección. Significado, sentido, consecuencias.
2. Saber dialogar con respecto e escoitar con interese as experiencias dos demais.
3. Saber explicar o sentido e realidade da esperanza cristiá.
4. Actitude de tolerancia ante outras formas de concibir a morte e o alén.

V. TRANSVERSAIS E INTERDISCIPLINARIEDADE

A unidade didáctica, centrada na vivencia cristiá da morte e a esperanza na vida eterna, alude a diversos contidos transversais da *educación para a paz e á educación moral e cívica*. Vivir con esperanza, abertos ao futuro, optimistas ante o que ha de vir é unha actitude fundamental para encarar a vida con ilusión e ganas de transformar o mundo. Incluso dende un horizonte inmanente, a esperanza como aposta por un mundo mellor é obxecto de traballo transversal en todas as materias. Traballar para materializar o “inéxito viable” e abordar de fronte o tabú da morte significa dialogar sen complexos sobre temas tan “esvaradíos”.

A explicitación e busca en común do valor da esperanza na matriz cultural en que viven os alumnos, a procura constante do ben persoal e común e, o afrontamento sereno e lúcido da realidade da morte, patente nas demais relixións, son tamén contidos comúns ás materias de *Ética e Educación para a cidadanía*.

Os contidos mínimos exigibles neste nivel son todos os incluídos na programación elaborada excepto os referentes á unidade 10: Ante todo esperanza.

2.- 4º ESO

Unidade 1. Somos historia

Introdución

No último curso do segundo ciclo da ESO, os alumnos, e especialmente as alumnas, comezan a madurar as conviccións profundas que os acompañarán o resto das súas vidas. Este período de notables cambios afectivos, intelectuais e corporais para o adolescente —mais non necesariamente conflictivo— caracterízase tamén por certa inestabilidade relixiosa. A pregunta pola existencia de Deus, o mal no mundo ou a persoa de Xesús choca agora coa realidade das institucións humanas, contempladas cun talante crítico: a familia, a política, a Igrexa.

Iniciamos este curso cunha unidade didáctica de marcado contido antropolóxico. Abordamos a estrutura do ser humano na súa dimensión histórica, isto é, antes de ocuparnos do devir histórico da Igrexa intentaremos conectar coa propia historia familiar dos adolescentes para explicar, deseguido, o traballo do historiador.

Obxectivos didácticos

6. Descubrir o valor e a importancia da historia.
7. Comprender a influencia que o pasado ten na vida das persoas.
8. Coñecer a propia tradición familiar.
9. Descubrir cal é o traballo do historiador.
10. Coñecer os procedementos axeitados para analizar feitos históricos.
11. Tomar conciencia de que todos somos historia.

CONTIDOS

Conceptos

- A historia: pasado, presente e futuro.
- A tradición familiar: coñecer para comprender.
- O traballo do historiador: un traballo sistemático.
- Elementos clave para un historiador.
- A importancia da propia historia: elementos que deben terse en conta.
- A historia da familia dos cristiáns: a Igrexa.
- Fontes da historia da Igrexa.

Procedementos

- Tomar conciencia da dimensión histórica do ser humano.
- Analizar diferentes textos que teñen unha estreita relación co tema de estudo e obter deles as ensinanzas que pretenden transmitir os seus autores.
- Analizar viñetas e obras de arte, e ser capaz de explicar de forma sinxela a mensaxe do autor.
- Estudar a historia da propia familia e algún acontecemento histórico segundo a metodoloxía do historiador.
- Explicar os conceptos básicos que aparecen na unidade.
- Ser capaz de enumerar e explicar os diferentes tipos de fontes necesarias para analizar a historia da Igrexa.

Actitudes

- Interese por afondar na propia historia vital.
- Valorar a dimensión histórica das persoas.
- Examinar o propio equilibrio e a relación entre pasado, presente e futuro.
- Involucrarse persoalmente no coñecemento da historia familiar.
- Interese por coñecer o valor das fontes para o estudo da historia da Igrexa.

COMPETENCIAS BÁSICAS

As competencias básicas son aquelas aprendizaxes imprescindibles desde unha formulación integradora e práctica. O marco de referencia é unha educación integral, é dicir, acompañar o proceso de crecemento persoal. A axuda ao proceso de se facer persoa pasa necesariamente por darlles sentido ao noso ser e ao noso quefacer no mundo.

Social e cívica (CB2)

- Manifestar actitudes de colaboración e respecto cara aos demais.
- Xerar sentimentos compartidos e non-excluíntes.
- Ser empático. Ser capaz de poñerse no lugar doutros e comprender o seu punto de vista, aínda que difiran en formulacións e intereses.

Autonomía e iniciativa persoal (CB5)

- Exercitar a introspección e a interiorización.
- Afondar no coñecemento dun mesmo e do ámbito familiar.
- Examinar situacións concretas da vida e do pasado para realizar un xuízo crítico, autónomo e responsable sobre o presente.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Saber explicar correctamente o valor que ten coñecer o propio pasado.

2. Enumerar e explicar cales son os elementos que conforman a metodoloxía do historiador.
3. Saber explicar que significa que o traballo do historiador é "un traballo sistemático".
4. Coñecer os procedementos axeitados para estudar a propia historia familiar.
5. Saber definir o significado de termos como *xenotipo*, *fenotipo*, *tradición*, *historia* e *xeración*.
6. Enumerar e saber explicar cales son as principais fontes da historia da Igrexa.

Unidade 2. O cristianismo, unha mensaxe universal?

Introdución

Fronte a un tratamento lineal e diacrónico (seguindo o curso lóxico dos acontecementos), unha boa formulación didáctica da historia da Igrexa deberá dotar de *sentido* o achegamento ás diferentes épocas históricas. Necesitamos un *fío condutor* que nos leve á historia intencionadamente, é dicir, unha procura de datos para construír verdadeiro coñecemento significativo.

Un punto de partida é formular algunha *cuestión* máis ou menos controvertida que resulte *significativa* pola súa conexión con fenómenos do presente e que poida, dalgún xeito, suscitar un debate inicial que posteriormente conduza a un achegamento á historia na procura de datos e información sobre a cuestión formulada.

Despois de formular a pregunta, preséntase un *personaxe* relacionado coa época e, dalgún modo, co tema suxerido. Así o contacto coa historia resultará moito máis cálido e real. Unha vez situados na *época* poderemos percorrela baixo o prisma de nosa particular investigación incidindo tamén nos *aspectos culturais e artísticos*. Ao final, suxírense *outros momentos da historia* da Igrexa que representaran fitos importantes nesa liña. Por último, para pechar a secuencia didáctica, esta conclúe cunha *síntese* máis doutrinal sobre o tema que conduciu todo o desenvolvemento.

Obxectivos didácticos

6. Saber quen foi Paulo de Tarso, cal foi misión e a súa achega á expansión do cristianismo e á historia da Igrexa.
7. Coñecer as características do cristianismo en tempos do Imperio romano.
8. Enumerar e saber explicar que dicían os primeiros cristiáns sobre a Igrexa.
9. Descubrir as dificultades da Igrexa nos primeiros séculos.
10. Saber recoñecer as expresións artísticas dos primeiros cristiáns.
11. Coñecer momentos de forte expansión do cristianismo en diferentes épocas.
12. Recoñecer o cristianismo como mensaxe universal.

CONTIDOS

Conceptos

- Paulo, o primeiro grande evanxelizador.
- O ambiente político, cultural e relixioso dos primeiros séculos.
- A Igrexa: comunión, convocatoria e corpo de Cristo.
- Dificultades dos cristiáns no Imperio romano.
- A vida interna da Igrexa.
- A arte simbólica e clandestina dos primeiros cristiáns.
- Descubrimentos dos séculos XV e XVI e novo despertar misionero no século XIX.
- O cristianismo, universal.
- A Igrexa: unha, santa, católica e apostólica.

Procedementos

- Resumir os aspectos máis significativos da biografía de san Paulo.
- Analizar mapas que conteñen datos acerca da época en que viviu san Paulo.
- Analizar e traballar con mapas dalgúns momentos de forte expansión do cristianismo.
- Ler e analizar o contido de textos bíblicos e literarios como fontes para o estudo desta época da historia da Igrexa.
- Contemplar e valorar a arte simbólica dos primeiros cristiáns.
- Ler os textos de contidos e saber resumir as ideas fundamentais que transmiten.

Actitudes

- Interese polo coñecemento da historia dos primeiros séculos da Igrexa.
- Traballar por entender os aspectos fundamentais da expansión do cristianismo.
- Recoñecer as manifestacións relixiosas das primeiras comunidades cristiás.
- Recoñecer as achegas do cristianismo dos primeiros séculos á cultura.
- Toma de conciencia de que o cristianismo ten unha vocación universal.

COMPETENCIAS BÁSICAS

As propostas do ensino relixioso católico constitúen en si mesmas unha cosmovisión do mundo, da vida e do ser humano que fan posible a formación integral que propugna a LOE (2/2006, de 4 de maio de 2006).

En comunicación lingüística (CB1)

- Identificar e confrontar os diversos tipos de linguaxe empregados polo cristianismo primitivo (bíblico, litúrxico, testemuñal).
- Valorar criticamente o testemuño histórico e o valor de diversas fontes.
- Enriquecer o vocabulario.

Cultural e artística (CB3)

- Analizar en toda a súa riqueza e variedade as manifestacións culturais e artísticas.
- Comprender e asumir os valores do feito relixioso na súa matriz cultural concreta.
- Descubrir o sentido e a profundidade da achega cristiá á cultura.

Autonomía e iniciativa social (CB 5)

- Exercitar o diálogo, a participación e o traballo en equipo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Coñecer os datos fundamentais da vida de san Paulo e a súa achega á historia do cristianismo e da Igrexa.
2. Enumerar as características sociais, políticas, culturais e relixiosas do Imperio romano nos primeiros séculos.
3. Coñecer que dicían os primeiros cristiáns sobre a Igrexa.
4. Saber explicar a que dificultades tiveron que facer fronte os primeiros cristiáns e cales foron as súas reaccións.
5. Recoñecer obras concretas pertencentes á arte dos primeiros cristiáns.
6. Enumerar e saber explicar diferentes momentos de expansión do cristianismo ao longo da historia.
7. Saber que significa que o cristianismo é universal.
8. Explicar o sentido e as consecuencias de afirmar que a Igrexa é unha, santa, católica e apostólica.

Unidade 3. Igrexa, poderosa ou servidora?

INTRODUCCIÓN

Entre os valores básicos que debe transmitir a escola están a xenerosidade, a dispoñibilidade e o servizo aos demais, especialmente aos máis necesitados. "Estar como o que serve", podería ser un bo lema para iniciar esta unidade.

Por medio do exame da Igrexa constantiniana, analízase con detalle a tentación recorrente dunha Igrexa contaminada e moi próxima ao poder político e social. Así mesmo, examínanse as instancias críticas e os mecanismos para neutralizar este perigo: a mensaxe do Evanxeo, a doutrina social dos Pais da Igrexa e a nova cosmovisión que xorde do Concilio Vaticano II. Recuperar a dimensión de servizo e a capacidade de amar como principios básicos de autoridade entre os cristiáns constitúe a pegada máis profunda de Xesús e un importante reto para a Igrexa actual.

Obxectivos didácticos

6. Coñecer os aspectos máis relevantes da figura e da obra de santo Agostiño.
7. Debuxar os aspectos fundamentais da historia da Igrexa nos séculos IV e V.
8. Valorar o cambio que supuxo para a Igrexa pasar de ser perseguida a ser oficial.
9. Coñecer as características da nova situación da Igrexa despois dos edictos de Milán e Tesalónica.
10. Enumerar e coñecer os contidos fundamentais dos primeiros concilios.
11. Coñecer o papel dos Pais da Igrexa, de modo particular ante o poder.
12. Distinguir e caracterizar a arte paleocristiá e bizantina.
13. Explicar que significa que a vocación da Igrexa é o servizo e non o poder ou a dominación.
14. Situar na historia como foron o poder, a autoridade e o servizo da Igrexa.
15. Coñecer como entendeu Xesús o exercicio da autoridade.

CONTIDOS

Conceptos

- Agostiño de Hipona: buscador, bispo e escritor.
- Características da sociedade e da Igrexa nos séculos IV e V.
- O paso de ser Igrexa perseguida a ser Igrexa oficial: unha nova situación.
- Concilios fronte a herexías: a formulación da fe cristiá.
- Os Pais da Igrexa en Oriente e Occidente.
- A arte paleocristiá e bizantina: a basílica.
- Poder, autoridade e servizo na historia da Igrexa.
- O servizo, exercicio da autoridade segundo Xesús.

Procedementos

- Contemplan e interpretar obras de arte da época de que fala a unidade para ver como se expresa o tema da autoridade e do servizo nos movementos culturais da devandita época.
- Ler e analizar diferentes textos literarios que falan de Igrexa dos séculos IV e V.
- Saber interpretar correctamente o significado e as consecuencias dos concilios fronte ás herexías.
- Analizar textos bíblicos que fundamentan como entendeu Xesús o exercicio da autoridade.

Actitudes

- Estudo rigoroso do tema da historia da Igrexa nos séculos IV e V.
- Desexo de afondar con coherencia nos temas propostos na unidade, e de xeito especial no que concirne á relación entre poder temporal e servizo.
- Interese por coñecer a orixe e o significado de acontecementos históricos.
- Apertura a outras épocas da historia da Igrexa.
- Reflexión ante o tema do poder e do servizo na Igrexa.

COMPETENCIAS BÁSICAS

Todas as achegas ás distintas competencias poden ser agrupadas e definidas pola súa achega relixiosa, pola súa capacidade de ligar a persoa consigo mesma, cos demais e con Deus.

Social e cívica (CB2)

- Aprender a vivir con sentido e responsabilidade o compromiso cristián.
- Participar eficaz e construtivamente na vida social e profesional, desde a chamada de Deus a traballar para construír un mundo máis fraterno e solidario.
- Manifestar actitudes de empatía cara aos máis desfavorecidos.
- Afrontar a convivencia e as situacións conflitivas exercitando o xuízo ético con eficacia e creatividade.

Cultural e artística (CB3)

- Comprender a armazón sociocultural, a linguaxe e a estética paleocristiás.

Aprender a aprender (CB4)

- Analizar e interpretar cronogramas e mapas cos principais fitos dos primeiros séculos do cristianismo.
- Definir con precisión e sintetizar os principais símbolos da fe cristiá.

Autonomía e iniciativa persoal (CB5)

- Desenvolver valores de integración social, de servizo e solidariedade cos semellantes.
- Exercitar a toma de decisións e a asunción de responsabilidades.

Criterios de avaliación

1. Coñecer os principais datos biográficos de santo Agostiño e a súa achega á historia da Igrexa.
2. Saber explicar en que consistiu o paso de Igrexa perseguida a Igrexa oficial.
3. Coñecer a importancia e o contido dos edictos de Milán e Tesalónica.
4. Enumerar e explicar o contido dos concilios de Nicea, Constantinopla, Éfeso e Calcedonia.
5. Saber explicar o significado da formulación da fe cristiá (credo).
6. Saber quen son os Pais da Igrexa de Oriente e Occidente, e cales foron as súas principais achegas á historia da Igrexa.
7. Caracterizar a arte paleocristiá e bizantina en obras concretas.
8. Coñecer a grandes trazos como foi a relación entre o poder e a autoridade nas etapas máis significativas da vida da Igrexa.
9. Saber como entendeu Xesús o exercicio da autoridade.

Unidade 4. Igrexa, no mundo ou fóra del ?**INTRODUCCIÓN**

Dentro da Igrexa os carismas representan variedade e riqueza. É deber da escola axudar a que cada persoa atope a súa vocación específica, o seu "lugar no mundo", de acordo coas súas conviccións, preferencias e aptitudes.

Nesta unidade preséntanse algunhas formas históricas de seguir a Xesús. Todos eles buscaron afondar algún aspecto da personalidade de Xesús, segundo a intuición dalgúns cristiáns santos. Estes camiños para o seguimento de Xesús inciden máis na acción ou na contemplación ou, para expresalo mellor, son "activos na contemplación". Por outra banda, a inserción da Igrexa no mundo altomedieval formula novamente conflitos coas autoridades civís e cun poder emerxente: o islam.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

16. Comprender que significa que a Igrexa está no mundo sen ser do mundo.
17. Coñecer a biografía de san Bieito, patrón de Europa, e a importancia que esta figura tivo e ten na historia do cristianismo e da Igrexa.

18. Analizar a importancia que o cristianismo tivo como factor de unidade na época posterior á caída do Imperio romano de Occidente e ás invasións bárbaras.
19. Coñecer a Igrexa en tempos de Carlomagno.
20. Descubrir a orixe, o sentido e a achega á historia da Igrexa do monacato.
21. Analizar a expansión do islam e a presenza da relixión cristiá na España musulmá.
22. Saber caracterizar, distinguir e valorar a arte románica.
23. Comprender a importancia do equilibrio entre acción e contemplación na vida da Igrexa.
24. Descubrir que significa que a Igrexa está ao servizo do mundo.

CONTIDOS

Conceptos

- San Bieito de Nursia: estudoso, asceta e patrón de Europa.
- O cristianismo, un factor de unidade.
- A caída do Imperio romano e a Europa cristiá.
- O monacato: orixe, significado e vida.
- A cristiandade ante o islam.
- A arte románica: un catecismo en pedra.
- A Igrexa, activa na contemplación.

Procedementos

- Observar e traballar os contidos da unidade a partir dalgunhas viñetas.
- Resolver algúns pasatempos didácticos baseados en distintas estratexias.
- Ler e comprender relatos (bíblicos e doutro xénero) para extraer deles conclusións reflexionadas.
- Sintetizar conceptos por medio de definicións propias dos alumnos.
- Interpretar o contido dalgunhas obras de arte en relación ao tema estudado na unidade.

Actitudes

- Interese por coñecer que significa que a Igrexa está comprometida con e no mundo.
- Capacidade de admiración ante a mensaxe que nos transmiten as obras de arte.
- Disposibilidade para o traballo en grupo nalgúns dos exercicios propostos na unidade.

- Interese por realizar unha síntese propia e a exposición dos principais acontecementos históricos que se relatan na unidade, de xeito particular, a partir da liña do tempo que nela aparece.
- Uso das tecnoloxías da información e a comunicación para ampliar coñecementos.
- Valorar positivamente as accións que a Igrexa leva a cabo como servizo ao mundo.

COMPETENCIAS BÁSICAS

Aprender a vivir en comunidade, dentro dunha sociedade civil plural e multicultural, asumindo os proxectos e tarefas que constrúen un mundo máis xusto e solidario, constitúe un modo de ser e estar no mundo.

Social e cívica (CB2)

- Coñecer e apreciar os diversos carismas no seguimento de Xesús.
- Participar e colaborar activamente no traballo escolar como preparación ao exercicio da cidadanía.

Cultural e artística (CB3)

- Identificar e localizar no espazo e no tempo a iconografía cristiá para entender a historia e a cultura occidentais.
- Traducir a categorías actuais e comprensibles a simboloxía medieval para xerar cultura.

Aprender a aprender (CB4)

- Coñecer e contrastar o testemuño e as experiencias das diversas comunidades cristiás ao longo e ancho do mundo e da historia.
- Personalizar a propia aprendizaxe e fomentar a atención, a experiencia e o traballo en equipo.

Autonomía e iniciativa persoal (CB 5)

- escoitar a chamada persoal de Xesús como unha oferta de vida e sentido.
- Estimular e enriquecer a personalidade con modelos de vida suxestivos e atractivos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Expoñer correctamente os principais datos da biografía de san Bieito e resumir cal foi a súa achega á historia da Igrexa.
2. Saber explicar por que o cristianismo foi un factor de unidade tras as invasións bárbaras.

3. Sintetizar que significou a coroación do emperador Carlomagno como emperador.
4. Explicar que é o monacato, como se orixinou e que misión ten dentro da vida da Igrexa.
5. Expoñer en que consistiu a guerra das Investiduras.
6. Coñecer que significou a expansión do islam e cal foi a situación da relixión cristiá na España musulmá.
7. Expoñer as características e finalidades fundamentais da arte románica.
8. Saber explicar que significa que a Igrexa está ao servizo do mundo.

Unidade 5. A Igrexa, pobre e cos pobres?

INTRODUCCIÓN

En continuidade histórica e temática coa unidade anterior, a Igrexa preséntase próxima aos máis pobres con toda a súa incoherencia e ambigüidade. Entón e agora florecen institucións, organizacións e accións a prol dos máis desfavorecidos.

Con especial atención ao carisma franciscano, cun programa de reforma ao interior da propia Igrexa, propóñense nesta unidade diversos carismas e respostas aos conflitos internos e aos desafíos externos do mundo: as ordes mendicantes, a reforma do Císter, a arte gótica, alegre, urbana e participativa, algúns movementos igualitarios que rematan en herexía, as reducións da "República xesuítica do Paraguai", san Vicente de Paúl, a beata Teresa de Calcuta etc.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

25. Descubrir en Francisco de Asís un modelo de ser e estar na Igrexa.
26. Afondar nas características da historia da Igrexa entre os séculos X e XIII.
27. Tomar conciencia da importancia da reforma do monacato e da aparición das ordes mendicantes.
28. Afondar no significado das peregrinacións, e de xeito particular no Camiño de Santiago.
29. Coñecer o significado das cruzadas e as consecuencias dos cismas de Oriente e de Occidente.
30. Saber distinguir a novidade da arte gótica a respecto da románica e coñecer tanto a finalidade como as súas características máis importantes.
31. Descubrir como a Igrexa, ao longo da historia, traballou a prol dos máis necesitados e permaneceu ao seu lado.
32. Coñecer a mensaxe de Xesús: anunciarlles a boa nova aos pobres, identificarse e facerse próximo a eles.

CONTIDOS

Conceptos

- Francisco de Asís, irmán menor, pobre cos pobres.
- A reforma do monacato: o Cluny e o Císter.
- As ordes mendicantes: un retorno ás raíces da Igrexa.
- As peregrinacións: o Camiño de Santiago.
- As cruzadas: guerras no nome de Deus.
- Os cismas de Oriente e Occidente
- O gótico, unha arte que procura o ceo.
- A Igrexa: carismas ao servizo dos máis pobres.
- Xesús e os pobres: anuncio, identificación e proximidade.

Procedementos

- Lectura dos contidos propostos para unha posterior análise, reflexión e aprendizaxe.
- Lectura de textos bíblicos, xurídicos e xornalísticos para afondar nos contidos curriculares.
- Realización de propostas de traballo e actividades para reforzar a adquisición de coñecementos.
- Contemplan e interpretan o contido das fotografías e viñetas que ilustran a unidade.
- Consultar o vocabulario e os diferentes sitios web que se propoñen.

Actitudes

- Responsabilidade ante as tarefas que se propoñen e nas actividades en grupo.
- Atención á adquisición de novos conceptos.
- Interese por afondar no significado e a relación que ten o clamor dos pobres e a misión da Igrexa.
- Desenvolvemento da capacidade de traballar cun texto bíblico, literario ou xornalístico.
- Reflexión sobre os contidos da unidade para unha mellor comprensión do pasado, do presente e do futuro da historia da Igrexa.

COMPETENCIAS BÁSICAS

Tomando como referentes básicos a actitude e o modo de estar de Xesús cos máis pobres do seu tempo, compéttelle á área de relixión católica promover e fomentar o traballo polos máis necesitados, identificándose cos seus anhelos e preocupacións, vivindo con proximidade os seus problemas e traballando por derrotar a inxustiza e o sufrimento e promover a integración social e cultural de todos.

Social e cívica (CB2)

- Preparar a incorporación á vida social e profesional desde a chamada de Deus a transformar e construír un mundo máis fraterno e solidario.
- Afrontar a convivencia e as situacións complexas e conflitivas, exercitando o xuízo ético con eficacia e creatividade.
- Desenvolver valores de integración social, de servizo e solidariedade cara aos semellantes.

Cultural e artística (CB3)

- Apreciar diversas expresións artísticas relixiosas de Occidente.

Autonomía e iniciativa persoal (CB5)

- Construír un sistema de valores propio a partir da vida e as palabras de Xesús.
- Personalizar a devandita estimativa moral e exercitarse en vivir de acordo con ela.
- Exercitar a asunción de responsabilidades ante o presente e o futuro.
- Crecer en liberdade interior abríndose a valores transcendentos como a esperanza, a responsabilidade e a misericordia.

Coñecemento e interacción co mundo físico (CB6)

- Ponderar a desigualdade e a inxustiza do mundo por medio da análise persoal, a doutrina social da Igrexa e outras mensaxes interpelantes.
- Enriquecer o xuízo crítico sobre o uso dos medios materiais, a ciencia e a tecnoloxía.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Coñecer os datos máis importantes da vida de san Francisco de Asís, a súa importancia dentro da Igrexa e o seu legado.
2. Saber que orixinou e en que consistiu a reforma dos mosteiros.
3. Comprender o significado que tivo a aparición das ordes mendicantes no século XIII.
4. Definir correctamente o significado de abadía, mosteiro, convento, mendicante e cruzada.
5. Saber expoñer o significado das peregrinacións, e de modo particular do Camiño de Santiago.
6. Saber en que consistiron os cismas de Oriente e de Occidente.
7. Coñecer as principais características e a finalidade da arte gótica.
8. Coñecer como a Igrexa, ao longo da historia, foi pobre cos máis pobres.
9. Ter unha mínima información acerca de san Vicente de Paúl e da nai Teresa de Calcuta, así como do seu legado, como respostas eclesiásticas ao clamor dos máis pobres.

10. Saber explicar como se relacionou Xesús cos pobres.

Unidade 6. A Igrexa, ao encontro con Deus?

INTRODUCCIÓN

A pluralidade na Igrexa manifesta o rostro trinitario e diverso de Deus. De novo, a volta a Xesús amósanos sen ambaxes o xeito que ten Deus de encarnarse na historia. O Deus de Xesucristo é, sobre todo, o Deus dos pobres, os últimos e os marxinados pola cultura dominante. É o Deus daqueles para os que non hai sitio nas estruturas sociais nin no corazón dos homes.

A experiencia de Deus, sempre nova e sorprendente, impulsa moitos homes e mulleres a buscar dentro da Igrexa formas novas de expresión. Algunhas, tamén, remataron en franco enfrontamento e ruptura nunha Europa convulsa, fanatizada e dividida pola relixión. Os séculos xv, xvi e xvii son séculos de contraste: de apertura xeográfica e misioneira, de profundidades místicas xamais coñecidas, de confianza ilimitada nas capacidades do ser humano, de expresións artísticas sen comparanza, pero tamén de fanatismo e persecución relixiosa.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

12. Coñecer datos importantes da vida de santa Teresa de Xesús, mística e doutora da Igrexa.
13. Saber dar razón da necesidade de reforma que tiña a Igrexa no século xv.
14. Analizar as causas e as figuras que levaron a cabo a reforma protestante.
15. Coñecer os aspectos fundamentais da doutrina de Lutero.
16. Analizar e comprender en que consistiu a reforma católica ou contrarreforma.
17. Coñecer en que consistiu o tribunal da Inquisición.
18. Descubrir as luces e as sombras da evanxelización levada a cabo a partir do século xv.
19. Recoñecer na arte renacentista unha nova concepción do mundo e da persoa, así como no Barroco un valioso instrumento de propaganda relixiosa.
20. Descubrir o valor da mística na vida da Igrexa e na súa historia.
21. Coñecer que imaxe de Deus revela Xesús.

CONTIDOS

Conceptos

- Santa Teresa de Xesús: mística, escritora e doutora da Igrexa.
- A Igrexa do século xv, necesitada dunha urxente renovación.
- Lutero e a reforma protestante.
- A doutrina de Lutero.

- A reforma católica ou contrarreforma.
- O Concilio de Trento.
- A Compañía de Xesús.
- O tribunal da Inquisición.
- A expulsión dos xudeus de España.
- A evanxelización do mundo.
- Arte renacentista e barroca ao servizo da fe.
- Místicos de onte e de hoxe.
- O rostro de Deus que Xesús revela.

Procedementos

- Observar e comentar as fotografías e ilustracións que acompañan as propostas de traballo, o desenvolvemento de contidos e as actividades que aparecen na unidade.
- Saber explicar e situar na liña do tempo os acontecementos eclesiásticos que tiveron lugar nos séculos XV, XVII e XVIII.
- Procurar en diferentes medios as principais diferenzas doutrinarias entre católicos e protestantes.
- Traballar a partir dun mapa o tema das principais rutas seguidas polos misioneiros españois e portugueses nos séculos XV e XVI.
- Ler e interpretar textos bíblicos, textos oficiais da Igrexa e textos de apoio, procedentes de diferentes autores e institucións, con distintas perspectivas.
- Sintetizar conceptos referentes á Igrexa, ás súas reformas e á súa expansión misioneira por medio de definicións propias dos alumnos.
- Servirse das tecnoloxías da información e a comunicación na procura de información e na aprendizaxe.

Actitudes

- Interese por adquirir novos coñecementos sobre esta época da historia da Igrexa.
- Capacidade para adquirir unha visión máis ampla da realidade e misión da Igrexa na actualidade, e especialmente da importancia da mística cristiá.
- Participación activa nas tarefas e propostas de traballo de tipo persoal e en grupo.
- Desenvolvemento da capacidade de observación e análise de obras de arte e textos bíblicos.
- Recoñecemento do traballo e as achegas de misioneiros e místicos da Igrexa de todos os tempos.
- Admiración cara á vida contemplativa e misioneira.

- Interese pola figura de personaxes como Charles de Foucauld e Roger Schutz (irmán Roger).

COMPETENCIAS BÁSICAS

Unha materia pendente na escola é aprender a escoitar, a vivir na diversidade e a respectar as diversas percepcións do relixioso para atoparmos entre todos a verdade do rostro sinfónico e multiforme do Deus Un e Trino.

Comunicación lingüística (CB1)

- Identificar e confrontar os diversos tipos de linguaxe e expresións relixiosas do século XVI (a mística, os humanistas reformadores, as igrexas reformadas etc.).
- Valorar criticamente as mensaxes de diversas fontes.
- Enriquecer o vocabulario.

Cultural e artística (CB3)

- Analizar en toda a súa riqueza e variedade as manifestacións culturais e artísticas.
- Manifestar curiosidade sobre as peculiaridades das iconografías renacentista e barroca e as súas expresións plásticas e musicais.

Aprender a aprender (CB4)

- Obter e seleccionar información.
- Integrar e ampliar novos coñecementos aos xa adquiridos.

Autonomía e iniciativa persoal (CB5)

- Manifestar actitudes de respecto e colaboración cara a outras persoas, relixións e culturas.
- Exercitar o diálogo, a participación e o traballo en equipo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Saber explicar coas propias palabras e expresións que significa que a Igrexa vive grazas á experiencia que ten de Deus.
2. Coñecer a vida e a obra de santa Teresa de Xesús.
3. Enumerar e explicar correctamente as razóns e características da reforma protestante e da reforma católica.
4. Saber expoñer os contidos e o significado eclesiástico do Concilio de Trento.

5. Explicar en que consistiu a evanxelización do mundo levada a cabo nos séculos XV, XVI e XVII e o significado da presenza xesuíta en terras de misión.
6. Coñecer as principais diferenzas doutrinais entre católicos e protestantes.
7. Saber explicar que significa que a arte renacentista e barroca é unha arte humanizada ao servizo da fe.
8. Enumerar e presentar as características máis importantes dalgúns místicos de todas as épocas da historia da Igrexa, así como do legado que deixaron.
9. Saber enumerar as características do Deus que revela Xesús.

Unidade 7. Son compatibles ciencia e relixión?

INTRODUCCIÓN

Vivimos nun mundo en que xa non é obvio e, ás veces, nin sequera razoable crer en Deus. Por iso mesmo, o compromiso co *logos*, a alianza da fe coa razón para dar conta de si mesma forma parte tamén da oferta de sentido cristián na escola actual.

A crise da conciencia europea agranda a fenda entre a fe e a razón, entre a "tradicón" e a modernidade, entre a Igrexa, o mundo e a ciencia moderna. No entanto, a fe susténtase nun tipo de verdade distinta ca a ciencia. As *verdades de testemuño* non engaden coñecementos novos; apóianse na confianza nun Deus persoal que dota de sentido e intelixibilidade os acontecementos humanos, alén da experiencia sensible e inmediata.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

7. Investigar que relación existe na actualidade e existiu ao longo da historia entre fe e razón.
8. Coñecer quen foi o cardeal Newman e dar razón da importancia da súa figura na historia da Igrexa.
9. Saber definir que é a secularización e cal foi a súa repercusión a partir do Renacemento.
10. Entender en que consistiron a Ilustración e o pensamento ilustrado.
11. Coñecer como lle afectaron á vida da Igrexa a Ilustración, a secularización e a Revolución Francesa.
12. Descubrir os contidos relixiosos nas obras do romanticismo e do realismo.
13. Construír un esquema dos encontros e desencontros entre razón e fe ao longo da historia.
14. Coñecer o verdadeiro significado dos termos *relixión, fe, ciencia, razón, filosofía* e crenza, e saber que relación existe entre todas elas.

CONTIDOS

Conceptos

- O cardeal Newman: unha figura importante na Igrexa do século XIX.
- Secularización.
- Relacións entre ciencia e relixión. O caso Galileo.
- A Ilustración. O pensamento ilustrado e os enciclopedistas.
- Do Estado confesional á secularización do Estado.
- A postura da Igrexa no século XIX. A encíclica *Rerum novarum*.
- A secularización da arte.
- Encontros e desencontros entre razón e fe.
- O carácter razoable da fe.

Procedementos

- Analizar as razóns, os desenvolvementos e consecuencias que tiveron a secularización, a Ilustración e a Revolución Francesa para a vida da Igrexa.
- Recoñecer e distinguir as distintas etapas que a Igrexa viviu na época da historia que se traballa nesta unidade.
- Procurar o significado de palabras clave aparecidas na unidade.
- Realizar un traballo de investigación sobre as constitucións españolas para investigar que se di nelas sobre a relixión e, en particular, sobre a relixión católica.
- Procurar, ler, explicar e clasificar algúns textos bíblicos relacionados cos encontros e desencontros entre razón e fe.
- Extraer e interpretar a mensaxe dalgunhas obras de arte e relacionar o que din cos contidos estudados.

Actitudes

- Convencemento da necesidade de coñecer a historia da Igrexa para entender as súas formulacións e posicións.
- Interese por coñecer os acontecementos e personaxes que destacaron na historia da Igrexa dos séculos XVIII e XIX.
- Apreciar a reflexión que se realizou ao longo dos séculos sobre a relación entre razón e fe.
- Actitude de reflexión para realizar as propostas de traballo que se propoñen.

COMPETENCIAS BÁSICAS

Comunicación lingüística (CB1)

- Diferenciar entre a linguaxe científica e a relixiosa, a mítica e a filosófica.

- Ler, comentar e interpretar criticamente diversos textos bíblicos, históricos ou filosóficos.
- Ensaiar pequenas sínteses históricas e relixiosas.

Social e cívica (CB2)

- Dialogar con respecto e escoitar con interese a experiencia dos demais.
- Aprender e estimar as persoas auténticas co seu proxecto de vida.

Aprender a aprender (CB4)

- Fomentar o espírito crítico ante as linguaxes artística, cinematográfica e musical para desentrañar as mensaxes e os valores de confianza, esperanza e solidariedade.

Autonomía e iniciativa persoal (CB5)

- Afondar no coñecemento propio e a introspección.
- Reforzar e mellorar a estima persoal.
- Iniciarse na argumentación e en dar razón dun mesmo, dos seus valores e das súas aspiracións profundas.
- Valorar o propio corpo, o benestar e a felicidade persoais.
- Construír un sistema de valores propio baseado no compromiso, o servizo aos demais e a amizade.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Saber expoñer en que consistiu a reflexión acerca da compatibilidade entre razón e fe, entre ciencia e relixión.
2. Definir con precisión o significado das seguintes palabras: *fe*, *relixión*, *crenza*, *ciencia* e *secularización*.
3. Saber presentar as características fundamentais do pensamento ilustrado.
4. Expoñer con claridade en que consistiu o caso Galileo.
5. Coñecer as consecuencias para a Igrexa da secularización do Estado.
6. A postura da Igrexa ante as consecuencias da revolución industrial. A encíclica *Rerum novarum*.
7. Arte e relixión nos séculos XVII e XIX: entre a secularización e o esquecemento.
8. O carácter razoable da fe.

Unidade 8. A Igrexa, renóvase?

INTRODUCCIÓN

A Igrexa é un organismo vivo en constante renovación. O lema clásico da reforma (*Ecclesiam semper reformanda*) fíxose clamor e voz pública con particular énfase nos anos do Concilio Vaticano II (1962-1965).

Nesta unidade abórdanse os acontecementos tráxicos do século xx no mundo, en Europa e en España que desembocaron en conflitos armados tráxicos e demoledores para a historia da humanidade. Xunto a iso, esta época convulsa vive un desenvolvemento técnico e científico sen igual pero tamén aumentan como nunca as inxustizas e a desigualdade. Nos últimos anos, a Igrexa quixo escoitar e facer propios os gozos, as esperanzas e as tristuras dos homes e mulleres deste mundo. Por iso, a Igrexa actual é unha Igrexa moito máis pobre, máis encarnada e máis próxima ás angustias e aos anhelos profundos da humanidade.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

15. Tomar contacto coa figura e o ministerio de Xoán XXIII, o papa bo.
16. Saber como foi a historia da Igrexa nos séculos XIX e XX.
17. Coñecer o labor dos pontífices Pío IX e León XII, Pío X, Bieito XV, Pío XI e Pío XII, como figuras emblemáticas da historia da Igrexa da época entre finais do século XIX e a primeira metade do século XX.
18. Explicar a renovación da Igrexa levada a cabo neste período histórico.
19. O Concilio Vaticano II: razóns da súa convocatoria, características máis importantes e achegas á sociedade e á vida interna da Igrexa.
20. Coñecer artistas e obras representativas da relación entre a arte e a relixión nesta época.
21. Realizar un percorrido histórico da Igrexa desde as perspectivas da fidelidade e o cambio.
22. Xesús: a súa actitude ante as institucións relixiosas.

CONTIDOS

Conceptos

- Xoán XXIII: o papa do Concilio Vaticano II.
- Pío IX e León XIII: protagonistas da historia da Igrexa entre finais do século XIX e principios do XX.
- Signos de vitalidade na vida da Igrexa. Os papas da primeira metade do século XX.
- O Concilio Vaticano II. Achegas dun concilio diferente.
- Arte e relixión no século XX.
- A imaxe da Igrexa a través dos séculos. Novo Israel e pobo de Deus.
- Xesús: a súa actitude ante as institucións relixiosas.

Procedementos

- Lectura de textos xornalísticos e eclesiásticos, e particularmente de documentos do Concilio Vaticano II.
- Comentario e reflexión sobre as imaxes que acompañan os contidos da unidade.
- Analizar viñetas e ser capaces de explicar de forma sinxela a mensaxe do autor e de sacar conclusións propias.
- Recapacitar sobre a vida interna e a presenza que a Igrexa tivo ao longo do século XX, de modo especial desde a celebración do Concilio Vaticano II.
- Saber explicar correctamente os conceptos clave da unidade.
- Situar correctamente na liña do tempo os acontecementos sociais e eclesiásticos máis destacados da segunda metade do século XIX e do século XX.

Actitudes

- Interese por afondar no tema de estudo desta unidade.
- Reflexión ante a influencia e/ou consecuencias que a renovación interna da Igrexa tivo sobre a sociedade.
- Reflexionar sobre a importancia da celebración dun concilio como o Vaticano II.
- Apertura á formulación de preguntas profundas sobre a realidade da Igrexa, a súa misión e o seu papel na sociedade e no desenvolvemento dos pobos.
- Valorar a importancia de coñecer como foi a presenza da Igrexa no século XX.

COMPETENCIAS BÁSICAS

Social e cívica (CB2)

- Manifestar actitudes de colaboración e respecto cara aos demais.
- Xerar sentimentos compartidos e non-excluíntes.
- Ser empático. Ser capaz de poñerse no lugar doutros e comprender o seu punto de vista.

Cultural e artística (CB3)

- Manifestar curiosidade por coñecer máis e mellor diversas expresións artísticas de valores profundamente humanos: a xustiza, o amor, a esperanza.
- Apreciar a cultura propia e as alleas xunto ás súas manifestacións culturais.

Aprender a aprender (CB4)

- Obter e seleccionar información.
- Integrar e ampliar novos coñecementos aos xa adquiridos.

Autonomía e iniciativa persoal (CB5)

- Exercitar a asunción de responsabilidades ante o presente e o futuro.
- Crecer en liberdade interior abríndose a valores transcendentales como a esperanza, a responsabilidade e a misericordia.
- Desenvolver valores de integración social, de servizo e solidariedade cos semellantes.

Coñecemento e interacción co mundo físico (CB 6)

- Ponderar a desigualdade, a inxustiza e a violencia no mundo por medio da análise persoal, do contraste co Evanxeo e dos documentos da Igrexa católica.
- Valorar criticamente o uso da ciencia, a tecnoloxía e os medios de comunicación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Tomar contacto coa figura e o ministerio de Xoán XXIII, o papa bo.
2. Explicar a importancia que o papa Xoán XXIII tivo na historia da Igrexa.
3. Coñecer as características da época en que se convocou o Concilio Vaticano II.
4. Coñecer o papel que tiveron os papas Pío IX e León XIII na segunda metade do século XIX.
5. Saber concretar cales foron os novos impulsos e renovacións que se xeraron a finais do século XIX e principios do século XX na vida da Igrexa.
6. Coñecer as razóns para a convocatoria do Concilio Vaticano II, as características deste e as súas achegas á sociedade e á vida interna da Igrexa.
7. Saber definir os trazos máis característicos da arte relixiosa do século XX.
8. Enumerar e explicar os momentos máis importantes da historia da Igrexa tendo como parámetros a fidelidade e o cambio.
9. Coñecer cal foi a actitude de Xesús ante as institucións relixiosas. Xesús, un reformador.

Unidade 9. Convivir con outras tradicións relixiosas?**INTRODUCCIÓN**

Na actualidade o diálogo, o encontro e sobre todo facer propia a experiencia do veciño diferente constitúen a vía imprescindible para a supervivencia dos seres humanos. O desencontro co islam, por exemplo, despois dos atentados de Nova York do 11-S de 2001 ou do 11-M de 2004 en Madrid, volve poñer de relevo a necesidade da cultura do diálogo interrelixioso e cultural en todo o mundo.

